

# Guía de boas prácticas de aprendizaxe e servizo na Universidade da Coruña Vol. 2



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Editan:**

**Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV)**

**Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)**



## Guía de boas prácticas de Aprendizaxe e Servizo na Universidade da Coruña, volume 2

**Editan:** Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) e Centro Universitario de Formación e Innovación (CUFIE)

**Publica:** Universidade da Coruña. Servizo de publicacións.

**Colección:** Contextos Universitarios Transformadores (CUT). Número 5

**URL persistente:** <http://hdl.handle.net/2183/28076>

**ISSN:** 2605-1222

**ISBN:** 978-84-9749-806-7

**CDU:** 378.147::37.035(036+078.7)\*CUT5

**Maquetación:** Sara María León Sanz e Ana M. Peña Cabanas

**Deseño de Portada:** Ana M. Peña Cabanas

**Cita recomendada:** Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV), Centro Universitario de Formación e Innovación (CUFIE) (ed.) (2021). *Guía de boas prácticas de Aprendizaxe e Servizo na Universidade da Coruña. Volume 2* Col. Contextos Universitarios Transformadores. Número 5. Universidade da Coruña. A Coruña.



Esta obra ten unha licenza Creative Commons [Atribución-Non comercial-Compartir igual 4.0 Internacional](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)

## Prólogo



O panorama social actual é preocupante. Son moitos os problemas que afectan gravemente ás persoas e ao medio ambiente. Por este motivo, no ano 2015 a Organización de Nacións Unidas (ONU) definiu 17 obxectivos globais para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todos como parte dunha nova axenda de desenvolvemento sostenible. Cada vez máis, as comunidades necesitan cidadáns comprometidos activamente que defendan a xustiza social e empreguen a súa enerxía e talento na promoción de iniciativas para a construción dunha sociedade con posibilidades dun futuro mellor. A universidade non é allea a estos obxectivos. A súa función é formar profesionais competentes conectados coas necesidades da comunidade. É preciso conxugar o rigor académico para o desenvolvemento de competencias profesionais co compromiso social. Para iso, o modelo pedagóxico máis axeitado é a aprendizaxe experiencial, que permite ao estudantado conectar a experiencia práctica coa formación que se imparte nas aulas, nunha área que está fóra da súa zona de benestar.

Pero, como concretar e levar a cabo estas experiencias? Achegar ao estudante universitario á realidade pode facerse a través de diversas técnicas, como as prácticas profesionais externas e as visitas de campo. A nosa proposta é a aprendizaxe-servizo cun enfoque de xustiza social, como unha forma de traspasar os muros

da universidade conectando a teoría coa práctica e mellorando as aprendizaxes, pero, tamén (e fundamentalmente), conectando coa comunidade e as súas necesidades, e contribuíndo á mellora da sociedade e da vida das persoas máis vulnerables.

Todas as actividades de aprendizaxe-servizo, independentemente do seu deseño, vinculación curricular e obxectivos, implican unha interacción complexa de estudantes, actividades de servizo, contidos curriculares e resultados da aprendizaxe. O resultado desta complexidade son experiencias idiosincráticas e contextuais, cunha ampla variedade de elementos que as compoñen.

As Guías de Boas Prácticas de Aprendizaxe-Servizo na Universidade da Coruña son un bo reflexo desta riqueza e diversidade. A presente publicación contén un total de 22 proxectos presentados na convocatoria de 2019 e 27 proxectos da convocatoria de 2020.

Desexamos expresar o noso recoñecemento aos autores, ás entidades sociais que veñen colaborando nas accións que aquí se describen, ás persoas que recibiron o servizo, aos estudantes que participaron nestas actividades e realizaron aprendizaxes a partir das mesmas, e a todos os docentes e profesionais que contribúen a facelas posible e a romper os muros da universidade para que o mundo sexa un lugar mellor para todos.

**Pilar Aramburuzabala**  
**European Association of Service-Learning**  
**in Higher Education. Presidenta**  
**Departamento de Pedagogía de la**  
**Universidad Autónoma de Madrid.**  
**Profesora Titular**

## Limiar

A Universidade da Coruña leva comprometida coa consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030 varios anos a todos os niveis, e non podíamos senon encarar a súa transversalización en materia de Aprendizaxe e Servizo. Como sinalou Roser Batlle nas últimas xornadas nas que participou da UDC, “aquele alumnado que participa nun proxecto de ApS, non só se sensibiliza, senón que tamén se compromete e se converte en cidadanía activa na consecución dos ditos ODS”.

O traballo desenvólto ate o momento dende o Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) e a Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) con esta metodoloxía relaciónase moi directamente, e en base ao que o propio PDI indica, cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Por esta razón, xa dende a convocatoria de certificación do 2019, inclúense referencias de como cada un dos proxectos contribúen á consecución dos ODS nas memorias entregadas polo colectivo do PDI, e así se recollen nesta guía de boas prácticas.

As Universidades somos chaves na contribución ao ODS 4, referido a garantir unha educación equitativa e de calidade. Na súa meta 4.7, propónse que todo o alumnado adquira coñecementos teóricos e prácticos necesarios para a promoción de novos estilos de vida na que os valores humanos e sociais contribúan a cumprir cos anhelos da transformación social que alentan os ODS, sendo a APS a metodoloxía máis axeitada para aportar na consecución do dito obxectivo.

Outros dos obxectivos dos proxectos enmarcados nesta guía van dirixidos a garantir a igualdade de oportunidades e reducir as desigualdades sociais, políticas, económicas e/ou culturais, presentes no obxectivo 10 e cunha clara intención de servizo comunitario e de compromiso social.

O traballo conxunto, a solidariedade, son elementos nucleares na loita por alcanzar uns obxectivos compartidos, que permitan garantir que as persoas e o planeta no seu conxunto, afronten exitosamente os desafíos globais. Dentro do ODS 17, a súa meta 17.17 sinala a importancia da eficacia de fomentar e promover a constitución de alianzas nas esferas público-privadas da sociedade civil. O profesorado que se compromete nun proxecto de ApS para levar a cabo cunha entidade ou coa comunidade, aporta experiencias que traslada ao alumnado participante e que se transfiren á sociedade, nun exercicio enmarcado na misión cívica da universidade como institución chave para a transformación social.

En definitiva, a aprendizaxe e servizo é unha ferramenta estratéxica na implicación da Universidade coa Axenda 2030; e con esta segunda guía de boas prácticas dos proxectos desenvolvidos na UDC, así se deixa patente.

**Vanessa Míguez Martín e Lorena Rilo Pérez**  
**Oficina de Cooperación e Voluntariado**  
**Ana María Peña Cabanas**  
**Centro Universitario de Formación e**  
**Innovación Docente**

# Índice

01

Unha experiencia de aprendizaxe e servizo para fomentar a aprendizaxe da aritmética e a colaboración docente

02

Unha experiencia de aprendizaxe e servizo para fomentar a aprendizaxe da xeometría e a colaboración docente

03

Análise da eficacia dun programa de aforro enerxético durante as actividades da vida diaria en pacientes con EPOC. Un proxecto de aprendizaxe e servizo

04

Fisioterapia musculoesquelética en mulleres con trastornos alimentarios

05

Fisioterapia na imaxe corporal de mulleres con trastornos alimentarios

06

Igualdade de oportunidades para o lecer e o xogo na infancia a través do deseño de espazos inclusivos e participativos

07

Fisioterapia con cans para a reeducación sensoriomotora e marcha funcional de nenos/as dun colexio de educación especial (MOVE-CAN)

08

Programa de aprendizaxe e servizo para a prevención da dor neuro-musculoesquelética en persoal dun colexio de educación especial

09

Proxecto AcompáñoTE

10

Aprendizaxe e servizo: a organización interna na Cruz Vermella

11

Fisioterapia escolar nun colexio de educación especial

12

Oportunidades para a participación no lecer e o deporte inclusivos: achegas da terapia ocupacional

# Índice

13

Discapacidade e emprego. Proxecto de iniciación ás relacións laborais

14

Proposta de restauración dos hábitats acuáticos da zona húmida de Cospeito

15

Proxecto Frederick

16

Deseño e impartición de obradoiros de alfabetización dixital

17

A educación financeira. Análise teórica e experiencia práctica a través dun proxecto de aprendizaxe e servizo

18

A información ao servizo da comunidade: unha web para a Asociación Veciñal de Canido (Ferrol)

19

Inclusión da estimulación eléctrica transcutánea no tratamento do estrinximento crónico das persoas maiores

20

Práctica de curtametraxes de ficción audiovisual coa Asociación Down Coruña

21

Aprendizaxe e servizo nas prácticas curriculares do grao en Socioloxía: unha experiencia na ONGD Ecos do Sur

22

A xestión da avespa asiática nunha administración local (Concello de Oleiros, A Coruña)

23

Economía con ciencia e conciencia: fomentando o desenvolvemento sostible

24

Programa de seguimento de bolboretas no Campus de Elviña

# Índice

25

Proxectos de deseño e desenvolvemento de elementos interactivos para todos e todas

26

Historias de vida, territorio e vulnerabilidade. Cartografía emocional do dereito ao hábitat na cidade da Coruña

27

Obradoiro de reciclaxe e consumo responsable

28

Aprende física e divértete

29

Aprendizaxe e servizo nas prácticas curriculares do grao en Dereito

30

Levando a tradición oral á escola

31

Coñecer os nosos ríos para conservalos

32

Canto sabes sobre a velutina?

33

Que lle pasa á miña mascota?

34


Fisioterapia na abordaxe de doentes de párkinson

# 01.

## Unha experiencia de aprendizaxe e servizo para fomentar a aprendizaxe da aritmética e a colaboración docente

Convocatoria 2019

M.<sup>ª</sup> Cristina Naya Riveiro, M.<sup>ª</sup> Elena Segade Pampín e Carlos Soneira Calvo





## Obxectivos/resumo

- Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
- Aprender a deseñar, desenvolver e avaliar pequenos obradoiros educativos en contextos escolares.
- Coñecer as partes do currículo da educación primaria correspondentes ás nocións de número, as operacións aritméticas e o cálculo a través de materiais non estruturados.
- Fomentar a cooperación entre institucións socioeducativas.
- Mellorar o pensamento numérico.
- Fomentar o uso de materiais non estruturados nas aulas de educación primaria.
- Colaborar e axudar na formación docente e na adquisición de competencias matemáticas.
- Desenvolver habilidades comunicativas.
- Coñecer o manexo de grupos e fomentar a cooperación e o traballo colaborativo entre iguais.

- CEIP Galán (Oseiro, Arteixo)

Entidade colaboradora



- 48 alumnos/as de 1.º de educación primaria
- 56 alumnos/as de 2.º de educación primaria
- 5 docentes e a dirección do centro

Destinatarias



- 132 estudantes da materia Educación Matemática I do grao en Educación Primaria

Participantes



## Aprendizaxe + servizo

- Potenciar e desenvolver os coñecementos de conceptos numéricos básicos e as técnicas de cálculo.
- Coñecer e analizar o currículo escolar das matemáticas na educación primaria.
- Resolver problemas matemáticos e non propiamente matemáticos nun contexto real de aula.
- Avaliar e analizar o ensino e a aprendizaxe das matemáticas na educación primaria utilizando recursos materiais non estruturados.
- Valorar a importancia da colaboración entre docentes.
- Dous obradoiros en cada curso para traballar contidos co concepto de número e coas operacións aritméticas básicas en educación primaria a través de distintos materiais non estruturados.
- Xeración de canles de comunicación e colaboración entre profesorado en activo e profesorado en formación.
- Promoción da relación entre entidades educativas.

## Desenvolvemento

FASE 1: contacto coa dirección do centro educativo e reunión de presentación no centro educativo con docentes interesados.

FASE 2: reunións presenciais no centro con docentes.

FASE 3: análise das demandas iniciais de docentes e alumnado, deseño das actividades e introdución dos axustes oportunos.

FASE 4: execución dos obradoiros.

FASE 5: reunións e debates finais.

## Avaliación

- Avaliación inicial das demandas e necesidades do centro, tanto dos docentes como do alumnado.
- Caderno de campo dos responsables dos obradoiros.
- Informe dos obradoiros do alumnado.
- Avaliación final mediante exposicións orais, debates e reunións.
- Avaliación da actividade por parte do profesorado da materia de Educación Matemática I.

## Evolución

2018-2019. Nesta convocatoria centrouse a atención no uso de material non estruturado como recurso para o ensino. Procurouse empregar obxectos presentes na vida cotiá, coa intención de lle transmitir ao estudiantado que as posibles carencias puntuais de recursos económicos se poden paliar, ata certo punto, co uso de coñecementos técnicos sobre didáctica.



## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2019](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.



02.

Unha experiencia de aprendizaxe e servizo para fomentar a aprendizaxe da xeometría e a colaboración docente

Convocatoria 2019

M.<sup>ª</sup> Cristina Naya Riveiro, M.<sup>ª</sup> Elena Segade Pampín e Carlos Soneira Calvo



## Objetivos/resumo

- Fomentar a aprendizaxe da xeometría e a colaboración docente a través do deseño, o desenvolvemento e a avaliación de obradoiros sobre coñecemento e o manexo de materiais manipulativos para traballar contidos de xeometría con nenos/os e de educación primaria.
- Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
- Aprender a deseñar, desenvolver e avaliar pequenos obradoiros educativos en contextos escolares.
- Coñecer as propostas teóricas e prácticas da xeometría para nenos/os de educación primaria a través de materiais.
- Fomentar a cooperación entre institucións socioeducativas.
- Mellorar as habilidades de razoamento xeométrico.
- Fomentar o uso de materiais manipulativos nas aulas de educación primaria.
- Colaborar e axudar na formación docente e na adquisición de competencias matemáticas.
- Desenvolver habilidades comunicativas.
- Coñecer o manexo de grupos e fomentar a cooperación e o traballo colaborativo entre iguais.

- CEIP de Galán (Oseiro, Arteixo)

Entidade colaboradora



- Alumnado do 4.º curso de educación primaria
- 48 alumnas/os de 1.º e 56 alumnas/os de 2.º curso de educación primaria
- 5 docentes do centro

Destinatarias



- 111 estudantes da materia Educación Matemática III
- 76 alumnos/as de 4.º curso de educación primaria
- 3 docentes do centro educativo
- Dirección do centro educativo
- 3 docentes da UDC

Participantes



## Aprendizaxe + servizo

- Aprendizaxe por parte do alumnado da titulación: deseñar, desenvolver e avaliar obradoiros sobre os contidos da súa titulación, así como establecer canles de colaboración con docentes en exercicio.
- Servizo: cumprir unha demanda de docentes en exercicio para axudar e mellorar a súa formación no coñecemento e uso de materiais manipulativos, e poder ver *in situ* unha proposta co seu alumnado para experimentar o seu manexo.



## Desenvolvemento

**FASE 1:** xorde coma demanda do profesorado titor do 4.º curso de educación primaria do CEIP Galán.

**FASE 2:** realizáronse dúas propostas en formato de obradoiro para traballar contidos de carácter xeométricos a través de material manipulativo.

**FASE 3:** cada neno/a é acompañado dun alumno/a universitario/a como orientador/a para guialo/a no desenvolvemento das actividades e axudalo/a

**FASE 4:** introdución do alumnado no contexto real do mundo educativo.

**FASE 5:** a participación do alumnado formúlase como proposta de traballo en equipo que formará parte da avaliación.

**FASE 6:** xéranse canles comunicativas e de colaboración entre profesorado en activo e profesorado en formación.

## Avaliación

A avaliación realizouse en varias fases.

O alumnado, en pequenos grupos, valorou a demanda e realizou unha proposta inicial. Logo alumnado e profesorado analizaron as propostas iniciais, estudando os seus obxectivos e as dificultades que supoñían, para propoñer melloras e solucionar posibles problemas e erros.

Máis adiante, durante a execución do servizo, estudáronse todas as accións, das cales o estudiantado universitario tomou nota, mentres o seu profesorado analizaba a situación.

Unha vez realizado o servizo, entrevistouse o profesorado do centro para valorar a experiencia e facer propostas de mellora, que se comunicaron ao alumnado da universidade.

Finalmente, tiveron que redactar un informe escrito do proceso, en que sinalasen tamén as dificultades que atoparan e as súas propostas de mellora. Defendérono na aula, o que xerou un espazo de reflexión grupal no que se expuxeron as dificultades organizativas e didácticas que se presentaron e as solucións adaptadas para unha futura experiencia. Este traballo tívose en conta na cualificación final do alumnado.

## Resultados

- Potenciación e desenvolvemento de coñecementos sobre conceptos matemáticos básicos, en particular da xeometría.
- Coñecemento e análise do currículo escolar das matemáticas na educación primaria.
- Coa finalidade de experimentar a utilidade das matemáticas na vida cotiá, resolveron problemas matemáticos e non propiamente matemáticos nun contexto real de aula.
- Avaliación e análise do ensino e a aprendizaxe das matemáticas na etapa de educación primaria utilizando recursos e materiais didácticos.
- Valoración da importancia da colaboración entre docentes



## Evolución

Experiencia do curso pasado, en que se tiña contacto coa dirección do centro, importante para coñecer o seu interese en reeditar a colaboración este curso, así como as súas prioridades.



## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2019](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.





### 03.

# Análise da eficacia dun programa de aforro enerxético durante as actividades da vida diaria en pacientes con EPOC

Convocatoria 2019

Sonia Souto Camba



3 SAÚDE E BENESTAR



4 EDUCACIÓN DE CALIDADE



17 ALIANZAS PARA LOGRA-LOS OBXECTIVOS



## Obxectivos/resumo

Analizar o impacto que ten un programa educativo de aforro enerxético dirixido a persoas diagnosticadas con EPOC, segundo os criterios de GOLD, e cunha dispnea igual ou superior a 2 na escala modificada do Medical Research Council, sobre o seu estado funcional para o desenvolvemento da actividade da vida diaria (AVD) e a súa calidade de vida.

- Servizo de Pneumoloxía do Hospital HM Modelo

Entidade colaboradora



- 2 doentes

Destinatarias



- 1 estudante


Participantes



# Aprendizaxe + servizo

- Capacidade para empregar un vocabulario técnico axeitado propio da fisioterapia.
- Capacidade para estruturar, analizar, razoar criticamente, sintetizar e presentar ideas e teorías complexas.
- Capacidade para traballar con responsabilidade, de forma organizada e planificada, incorporando os principios éticos e legais da profesión.
- Dominio das ferramentas básicas das TIC e fontes de documentación propias do ámbito sanitario e en concreto de fisioterapia.
- Capacidade para xestionar a información e o coñecemento no seu ámbito disciplinar.
- Desenvolvemento de habilidades básicas de investigación.

- Desenvolvemento dun programa de aforro enerxético para dar atención a un grupo poboacional.
- Complementar a abordaxe terapéutica de pacientes con EPOC incorporando ao manexo habitual o compoñente educacional do programa de aforro enerxético, e comprobar o seu impacto tanto no estado funcional como na calidade de vida autoinformada polas persoas doentes.
- Mellora da función e da calidade de vida das doentes.



## Desenvolvemento

**FASE 1:** busca bibliográfica sobre a prevalencia da dispnea durante a realización das AVD e sobre programas de aforro enerxético durante elas en persoas con EPOC.

**FASE 2:** sinatura do convenio co Hospital HM Modelo.

**FASE 3:** deseño do programa de educación de aforro enerxético.

**FASE 4:** captación de suxeitos e primeira cita con pacientes para facer a avaliación inicial e a intervención educativa.

**FASE 5:** segunda cita con pacientes despois dun mes para valorar o impacto do programa e os resultados.

## Avaliación

Estudante:

- Cuestionario de autoavaliación da experiencia.

Persoas usuarias:

- Avaliación final a través dun cuestionario final de satisfacción.
- Cualificación da titora da estudante.
- Cualificación do tribunal do Traballo de Fin de Grao.

## Resultados

As persoas usuarias levaron a cabo o programa de aforro enerxético cunha mellora clara no seu estado funcional, obxectivo a través da proba Glittre, cun aumento dos metros totais percorridos, así como unha redución no nivel de dispnea. Ademais, pódese observar unha mellora na súa calidade de vida relacionada coa saúde.

## Evolución

Primeira convocatoria.

04.

# Fisioterapia musculoesquelética en mulleres con trastornos alimentarios

Convocatoria 2019

Lidia Carballo Costa



## Obxectivos/resumo

O obxectivo xeral do servizo foi proporcionar unha atención de fisioterapia adaptada a pacientes con trastorno da conduta alimentaria.

O obxectivo xeral do alumnado foi adquirir unha parte das competencias da materia de Nutrición en Fisioterapia a través da abordaxe de casos reais.

Os obxectivos específicos foron:

- Coñecer o papel da fisioterapia nos trastornos da conduta alimentaria (TCA).
- Desenvolver destrezas e aptitudes para intervir na situación de persoas con TCA.
- Implementar os coñecementos aprendidos noutras materias de xeito transversal.
- Cubrir unha parte do tratamento interdisciplinar das pacientes con TCA que non se está realizando neste momento.
- Identificar as limitación e dificultades do desenvolvemento deste proxecto de aprendizaxe e servizo.
- Realizar unha análise reflexiva sobre a aprendizaxe e servizo á comunidade a partir da propia experiencia.

- Asociación de Bulimia e Anorexia de A Coruña (ABAC)

Entidade colaboradora



- 3 mulleres

Destinatarias



- Alumnado do 3.º curso de Nutrición en Fisioterapia

Participantes



## Desenvolvemento

Intervención psicolóxica + psiquiátrica

Intervención nutricional

Intervención física

Fisioterapia en saúde mental: especialidade que abarca un amplo número de técnicas dirixidas directamente a mellorar trastornos mentais e psicosomáticos como os TCA.

A experiencia levouse a cabo mediante seis accións principais:

1. Valoración fisioterápica de pacientes.
2. Establecemento dos obxectivos do tratamento.
3. Deseño da intervención de fisioterapia baseada na evidencia dispoñible.
4. Aplicación da intervención baixo supervisión da responsable da actividade de aprendizaxe e servizo.
5. Valoración final das pacientes.
6. Elaboración da memoria do caso clínico.

## Avaliación

- Reunións :
  1. Reunión entre a titora e as responsables da ABAC (directora e psicóloga) co obxectivo de coñecer as necesidades das usuarias da entidade e organizar o proxecto.
  2. Formación previa do estudiantado por parte da psicóloga da ABAC.
- Titorías grupais co alumnado, anteriores ao inicio do tratamento (motivación, formación e orientación).
- Supervisión directa das sesións de valoración e tratamento, con discusión previa e posterior co alumnado.
- Observacións por parte das persoas colaboradoras.
- Historia clínica do caso (45% da nota final, correspondente á parte da avaliación das prácticas de laboratorio) e memoria da actividade.

## Resultados

As pacientes evolucionaron de diferente forma, xa que as súas características eran moi diferentes. Houbo unha resolución completa do problema, unha parcial e outra paciente sen cambios.

Todas se amosaron satisfeitas en diferente grao. No entanto, todas concordaron en sinalar a boa organización da actividade e a súa alta satisfacción co alumnado implicado. Así mesmo, salientaron a curta duración do programa como aspecto negativo. Os cuestionarios foron cubertos na ABAC, polo que a presenza do alumnado non foi ningún condicionante para os bos resultados.

## Evolución

Primeira convocatoria.

### + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2019](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

- Publicación no *European Network for Physiotherapy in Higher Education (ENPHE) Seminar 2019*, que tivo lugar en Bochum (Alemaña), onde recibiu o premio ao mellor póster.



05.

Fisioterapia na imaxe  
corporal de mulleres  
con trastornos  
alimentarios

Convocatoria 2019

Lidia Carballo Costa



## Obxectivos/resumo

- Adquirir as competencias propias da materia do Traballo de Fin de Grao
- Mellorar o estado xeral de saúde e calidade de vida das participantes mediante a modificación da súa imaxe corporal.

- Asociación de Bulimia e Anorexia de A Coruña (ABAC)

Entidade colaboradora



- 4 mulleres con trastornos da conduta alimentaria

Destinatarias



- 1 estudante

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

- Adquirir os coñecementos e as competencias que se describen na guía docente do Traballo de Fin de Grao do grao en Fisioterapia.
- Revisar a bibliografía dispoñible sobre a alteración da imaxe corporal nas persoas con trastornos da conduta alimentaria e o seu tratamento fisioterapéutico.
- Diseñar e dirixir unha intervención de fisioterapia centrada en promover cambios na imaxe corporal das pacientes.
- Valorar as participantes antes e despois da intervención.
- Realizar unha intervención de fisioterapia composta dunha valoración e un programa de fisioterapia para persoas con anorexia e bulimia dirixida á mellora da imaxe corporal das usuarias.

## Desenvolvemento

**FASE 1:** revisión da bibliografía dispoñible sobre a alteración da imaxe corporal nas persoas con trastornos da conduta alimentaria e o seu tratamento fisioterapéutico

**FASE 2:** deseño da intervención de fisioterapia baseada na evidencia dispoñible

**FASE 3:** valoración das participantes antes e despois da intervención

**FASE 4:** dirección dunha intervención de fisioterapia centrada en promover cambios na imaxe corporal das pacientes.

## Avaliación

- Reunión entre a responsable da actividade de aprendizaxe e servizo e as responsables da ABAC co obxectivo de coñecer as necesidades das usuarias da entidade e organizar o proxecto.
- Reunións entre a responsable da actividade e a estudante, tanto anteriores ao inicio da intervención como de seguimento durante esta.
- Formación previa da alumna por parte da psicóloga da ABAC.
- Supervisión directa por parte da responsable da actividade dalgunhas das sesións de valoración e tratamento, con discusión previa e posterior coa alumna.
- Avaliación da experiencia por parte da alumna a través dun cuestionario.
- Enquisa de satisfacción das pacientes.
- Informe da responsable da actividade e titora do TFG.

## Resultados

- A autopercepción da alumna e a valoración da titora apuntan á adquisición das competencias correspondentes.
- As participantes amosaron a súa satisfacción coa intervención e as sensacións percibidas.
- Melloras na autopercepción e avaliación corporal, ademais de na calidade de vida das pacientes.

## Evolución

Primeira convocatoria.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2019](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

06.

Igualdade de  
oportunidades para o  
lecer e o xogo na  
infancia a través do  
deseño de espazos  
inclusivos e  
participativos

Convocatoria 2019

Thais Pousada García, María José Darriba  
Fraga e Sara González Iglesias

4



10



11



17



## Obxectivos/resumo

- Analizar o deseño e o nivel de accesibilidade dos parques infantís.
- Determinar as oportunidades de participación no xogo.
- Determinar a función de profesionais da terapia ocupacional.

- Fundación Abrente e Fan Square Kids

Entidades  
colaboradoras



- Concello da Coruña, poboación infantil e familias, Fan Square

Destinatarias



- Thais Pousada García, María José Darriba Fraga e Sara González Iglesias.

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

- Avogar por un deseño universal.
- Avaliar, seleccionar e adaptar os espazos e materiais do xogo.
- Usar o parque infantil como ferramenta de intervención.
- Valorar un espazo de lecer privado e determinar diferenzas entre parques infantís da Coruña e Ámsterdam.
- Definir o conxunto de funcións do/a terapeuta ocupacional e contactar e colaborar con axentes clave no ámbito do lecer.
- Diseñar unha guía de accesibilidade que inclúa os parques infantís públicos da Coruña.
- Redactar o informe de accesibilidade dun espazo de lecer privado.

## Desenvolvemento

Ámbito e obxecto de estudo: análise dun parque infantil de xogos privado da Coruña (centro comercial Marineda), de 30 parques infantís públicos da Coruña e de 10 parques infantís públicos de Ámsterdam.

Técnicas de recollida e análise de datos:

- Recollida: formulario, medidas, observación, fotografías e entrevista informal;
- Análises: lexislación e guía de referencia.

## Avaliación

- Rúbrica para a autoavaliación e a mellora dos proxectos de aprendizaxe e servizo.

## Resultados

Lecer privado:

- Amplo rango de posibilidades: oportunidades de participación e respiro familiar.
- Niveis moi baixos de accesibilidade cognitiva.
- Barreiras sociais e actitudinais.
- Necesidade de formación en atención á diversidade.

Lecer público:

- Diseñar parques infantís accesibles é posible.
- Acceso garantido, non así a participación.
- Accesibilidade para todas as idades.
- Accesibilidade e calidade do xogo.

## Evolución

Tras presentación do TFG da estudante de Terapia Ocupacional, a Fundación Abrente presentou o proxecto e a guía dos parques infantís ao Concello da Coruña (Concellería de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade), cunha boa recepción e interese por parte do concelleiro e persoal técnico da área. Así, durante o ano 2020 xeráronse as bases para o establecemento dun convenio entre o Concello da Coruña e a Fundación Abrente que permitirá completar a guía dos parques da Coruña e facer melloras en relación co seu nivel de accesibilidade.



- Compártense as novas de prensa que se xeraron coa presentación deste convenio e da realización da primeira xornada de traballo coas entidades do tecido asociativo:

[Coruna.gal](http://Coruna.gal)

[La Opinión A Coruña](#)

[La Voz de Galicia](#)



## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2019](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

- Novas de prensa: 26/10/19
- Divulgación derivada do proxecto. Destácase a participación nas IV Xornadas de Innovación Docente, en que se presentou unha comunicación oral (mesa 1, responsabilidade social).
- A guía realizada neste TFG pode descargarse directamente [aquí](#).

07.

Fisioterapia con cans  
para a reeducación  
sensoriomotora e  
marcha funcional de  
nenos/as dun colexio de  
educación especial  
(MOVE-CAN)

Convocatoria 2019

Verónica Robles García  
Alicia Martínez Rodríguez

3 SAUDE  
E BENESTAR



4 EDUCACIÓN  
DE CALIDADE



10 REDUCCIÓN DAS  
DESIGUALDADES



17 ALIANZAS PARA  
LOGRA-LOS  
OBJECTIVOS



## Obxectivos/resumo

- Que nenos/as con diversidade funcional reciban un servizo de fisioterapia óptimo nun ambiente motivador e lúdico.
- Que o alumnado do grao en Fisioterapia afiance os coñecementos adquiridos na carreira.
- Que o alumnado coñeza o ámbito da diversidade funcional dentro da fisioterapia.

Canto ao servizo:

- Proporcionar atención fisioterapéutica integral e motivadora a nenos/as con diversidade funcional nun colexio de educación especial.

Canto á aprendizaxe:

- Coñecer o ámbito da educación especial no contexto da fisioterapia.
- Desenvolver as competencias do título de fisioterapia, concretamente: deseñar, aplicar e avaliar un plan de abordaxe de fisioterapia adaptado e motivador para a participación de nenos/as.
- Identificar as posibilidades de sinerxía da terapia asistida por animais (TAA) coas intervencións de fisioterapia convencionais.

- Candamin e Centro de Educación Especial María Mariño

Entidades colaboradoras



- Alumnado do Centro de Educación Especial María Mariño

Destinatarias



- 1 estudante de 4.º curso do grao en Fisioterapia

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

- Coñecer a contorna profesional.
- Aplicar estratexias fisioterapéuticas innovadoras nunha abordaxe interdisciplinar.
- Incrementar as capacidades de equilibrio e autonomía da marcha nunha contorna motivadora, optimizando a intensidade, duración e adherencia no programa de exercicios.
- Aumentar a participación.

## Desenvolvemento

O programa configurouse a partir do consenso dos obxectivos terapéuticos entre os fisioterapeutas (dous profesoras e un estudante), a terapeuta ocupacional, un adestrador canino da empresa Candamin, o equipo directivo do colexio e as familias. A empresa Candamin subministróu dous cans adestrados e integrouse no desenvolvemento da terapia conxunta para 3 adolescentes, unha vez por semana durante 3 meses.

A axuda do can concibiuse como un elemento dinamizador do programa de exercicios, de modo que, por exemplo, xeráse un estímulo que axudase ao inicio do movemento; a superar obstáculos; a camiñar a un paso máis seguro e tamén a camiñar nunha situación de cambios constantes de dirección, ao dirixirse por unha pista con conos que debían ir bordeando.

Trabállase así ademais a velocidade e a resistencia, e fanse exercicios de equilibrio, control postural, motricidade e funcionalidade, como na fisioterapia convencional, pero coa axuda dun animal.

Dun modo máis concreto, nas sesións traballáronse os seguintes aspectos:

- A lonxitude, a altura e a velocidade do paso mediante un circuíto de obstáculos.
- O equilibrio, a través do ascenso e descenso de escadas, da marcha sobre unha superficie inestable (colchonetas) e no circuíto de conos, co que tamén traballamos a disociación de cinturas.
- O padrón correcto do movemento mediante o paso de sedestación a bipedestación e viceversa.
- A autonomía da marcha e o aumento da capacidade cardiorrespiratoria mediante a marcha continua.

Estableceuse que o can axudaría nestas áreas:

- O inicio do movemento e a continuidade da tarefa, sen a presenza de vacilacións polo empuxe da correa.
- Guía da dirección do movemento e velocidade do paso.
- Axuda para a orientación corporal correcta, como a anteriorización do tronco na suba dun tallo para garantir o equilibrio.

## Avaliación

- Avaliación obxectiva e subxectiva en que se compararon os resultados pre e pos na execución dos/as nenos/as.
- Avaliación cualitativa por parte das familias e compoñentes do equipo.
- Autoavaliación en que se reflicte que o proxecto cumpre os criterios das actividades de aprendizaxe e servizo nunha medida medio-alta.

## Resultados

O nivel de participación resultou o esperado. Dos 4 nenos/as participantes, 3 seguiron as sesións e 2 amosaron melloras tras a súa finalización.


Pediatric Balance Berg Scale (PBBS)			
	Valoración inicial	Valoración final	Diferenza
<b>J</b>	28/56	32/56	+4
<b>M</b>	36/56	42/56	+6

10 Meter Walk Test (10MWT)					
Valoración inicial (velocidade = V)		Valoración final (velocidade = V)		Diferenza (velocidade = V)	
V NORMAL	V MÁX.	V NORMAL	V MÁX	V NORMAL	V MÁX
0'49 m/s	0'76 m/s	0'83 m/s	0'85 m/s	+0'34 m/s	+0'09 m/s
V NORMAL	V MAX	V NORMAL	V MAX	V NORMAL	V MAX
0'52 m/s	1 m/s	0'5 m/s	1'02 m/s	-0'02 m/s	+0'02 m/s

# Resultados

Un participante mellorou o equilibrio en 2 ítems da escala utilizada (PBBS), alén da súa velocidade ao camiñar (10 MWT). Outro participante mellorou o equilibrio en 4 ítems, pero non a velocidade da marcha (10 MWT). A terceira participante non amosou melloras, xa que non puideron facerse as medicións. Do punto de vista cualitativo, as e os profesionais participantes xulgaron que houbo unha mellora da participación activa dos nenos/as nas actividades propostas, así como no equilibrio e na modulación da velocidade en 2 dos nenos, durante as sesións e noutras actividades do centro. Tamén se evidenciou unha mellora da capacidade física, a motivación nas actividades e a atención. A axuda do can como ferramenta no traballo da motricidade queda reflectida no feito de que na valoración final sen can non se apreciaron as melloras acadadas, por exemplo, no ascenso das escadas, nas últimas sesións (con can). O grao de satisfacción das familias foi de 4,3 sobre 5. Ademais, repetirían e recomendarían esta actividade a outras familias. Como proposta, indicaron que lles gustaría participar nas sesións.

No tocante aos resultados da aprendizaxe, o alumno recoñece que adquiriu as competencias requiridas durante a execución do proxecto. Ademais, acadou unha valoración satisfactoria por parte tanto da titora como do tribunal avaliador. Como conclusión deste primeiro achegamento á terapia asistida con cans como ferramenta de traballo dentro da fisioterapia, cabe dicirmos que pode resultar efectiva cun número axeitado de sesións (duración e frecuencia semanal) en nenos/as que puidesen ser susceptibles de mellora a partir das primeiras sesións e dos/as cales espertase o interese. Esta experiencia supón un punto de partida para iniciar un estudo piloto que nos axude a coñecer a efectividade deste protocolo á hora de conseguir melloras na mobilidade efectiva de nenos/as con diversidade funcional.



## Evolución

A idea era proseguir a experiencia con outros/as nenos/as a que puidese beneficiar, pero coa pandemia da covid-19 resultou imposible.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2019](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.



08.

Programa de aprendizaxe e servizo para a prevención da dor neuro-musculoesquelética entre o persoal dun colexio de educación especial

Convocatoria 2019

Verónica Robles García  
Alicia Martínez Rodríguez





## Obxectivos/resumo

Poñer en marcha un programa de exercicio terapéutico para prever e/ou abordar a aparición de dor de carácter neuromusculoesquelética.



- Centro de Educación Especial María Mariño

Entidade colaboradora



- 8 docentes do Centro de Educación Especial María Mariño

Destinatarias



- Alumno do 4.º curso do grao en Fisioterapia

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

- Adquirir as competencias específicas da materia do Traballo de Fin de Grao, concretamente a partir do deseño, a adaptación, a aplicación e a avaliación dun programa grupal de exercicio terapéutico dirixido á prevención/abordaxe da dor neuromusculoesquelética entre o persoal docente dun centro de educación especial.
- Formación e realización de exercicio grupal para mellorar a estática e dinámica da raque e as principais estruturas estabilizadoras relacionadas para, en última instancia, previr a aparición de afeccións neuromusculoesqueléticas ou melloralas, de estar xa presentes.

## Desenvolvemento

**FASE 1:** organización da actividade de aprendizaxe e servizo: estrutura do programa, coordinación coa dirección do centro e valoración inicial.

**FASE 2:** intervención: implementación do programa e opinións de participantes semanalmente.

**FASE 3:** avaliación.

## Avaliación

- Avaliación do alumno.
- Avaliación das participantes.
- Avaliación das titoras.
- Avaliación do tribunal do Traballo de Fin de Grao.

## Resultados

O 85% das persoas participantes manifestou estar moi satisfeito co programa:

- Mellorou o control cervical.
- Diminuíu a discinesia escapular nos movementos de flexión e abducción do ombreiro.
- Aumentou a resistencia muscular de flexores e extensores de tronco.
- Diminuíu a intensidade da dor, malia que non da sobrecarga.
- Non houbo mellora no equilibrio.

O alumno acadou unha valoración satisfactoria por parte tanto da titora como do tribunal avaliador, así como na propia autoavaliación.

## Evolución

Non tivo máis desenvolvemento pola dificultade de compaxinar o horario do persoal docente do centro co do alumnado do grao en Fisioterapia.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2019](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

09.

# Proyecto AcompáñoTE

Convocatoria 2019

Iván de Rosende Celeiro  
Adriana Ávila Álvarez



## Obxectivos/resumo

- Dar resposta ás necesidades de apoio, acompañamento e asesoramento/orientación que teñen as persoas maiores que viven soas, con limitacións canto ao apoio social con que contan.
- Favorecer a permanencia das persoas maiores na súa contorna habitual, de xeito activo, o maior tempo posible.
- Identificar as necesidades sociais do servizo.

- Cáritas da cidade da Coruña

Entidade colaboradora



- Persoas maiores que viven soas, con baixo ou nulo apoio social

Destinatarias



- 40 alumnas/os

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

Adquisición de competencias específicas, xerais e transversais das asignadas á materia en que se enmarca o proxecto, entre outras as seguintes:

- Realizar unha procura activa, avaliación crítica e aplicación de rangos de información.
- Establecer sociedades de colaboración, consultar e aconsellar a clientes, traballadores sociais, membros do equipo e outros na práctica da ocupación.
- Traballar de forma autónoma e con iniciativa.

Accións de intervención social para as persoas maiores a que atende Cáritas Diocesana na cidade da Coruña.

## Desenvolvemento

**FASE 1:** planificación previa e preparación da colaboración do alumnado no proxecto.

- A primeira reunión foi na primeira semana de marzo de 2019, na Facultade de Ciencias da Saúde.
- A segunda, o día 27 de marzo, nas instalacións de Cáritas no Centro de Día Sagrada Familia (sede do proxecto AcompáñoTE).

**FASE 2:** presentación do proxecto por parte de profesionais de Cáritas, en dúas sesións da materia de 1 hora de duración. Explicáronse as principais características do proxecto, realizouse un obradoiro grupal sobre como levar a cabo a observación e a entrevista no contorno urbano da cidade, así como tamén se presentou e resolveu dous casos sobre a intervención cotiá aplicada polo equipo profesional de AcompáñoTE.

**FASE 3:** por último, avaliouse e cualificouse os traballos do alumnado; a nota incluíuse dentro do cómputo da avaliación global da materia.

**FASE 4:** a información relevante para o proxecto que obtivo o estudantado participante foi transmitida ao equipo profesional de AcompáñoTE, para o seu estudo e aplicación na intervención cotiá que efectúa.


# Avaliación

Como procedemento de avaliación da participación do alumnado no proxecto, cada parella participante debía entregar, ao finalizar a materia, un informe final cos seguintes apartados:

- Unha relación coas posibles “antenas” identificadas na área xeográfica asignada. Para elaborala, cada parella debía acudir en diferentes días á súa zona xeográfica, para identificar as “antenas” a través da observación e do contacto/entrevista coa veciñanza dos barrios.
- Entrega de 15 enquisas dirixidas á cidadanía. O equipo técnico de AcompáñoTE elaborou *ad hoc* o formato desta enquisa, co obxectivo de recoller información útil e relevante para a práctica das profesionais de Cáritas que traballan no proxecto. Cada parella debía aplicar esta enquisa na zona xeográfica asignada, a un total de 15 persoas residentes ou que se desprazaban a ese barrio no momento de facer o traballo. Estas enquisas permitiron a recollida de información de interese para a realidade laboral abordada desde o proxecto.

- Reflexión crítica e argumentada, en relación co proceso implementado e a información recollida, desde o punto de vista da terapia ocupacional. Incluíu unha proposta de posibles accións de mellora, do punto de vista profesional, para cubrir as necesidades derivadas da situación de soidade das persoas maiores.

A puntuación máxima posible para o conxunto deste traballo final de avaliación foi do 10% da puntuación máxima total da materia.



## Resultados

O número de estudantes que optou voluntariamente por participar neste proxecto foi de 40 (20 parellas).  
O número de estudantado matriculado no curso 2018/19 foi de 54, polo que a participación voluntaria do alumnado neste proxecto foi do 74% da clase.  
O equipo docente valora moi positivamente a implicación do alumnado. A porcentaxe de participación do alumnado foi valorada como moi elevada.

## Evolución

As profesionais da entidade social Cáritas, responsables do proxecto AcompáñoTE, amosaron o seu desexo de promover a continuidade desta colaboración coa titulación universitaria. Particularmente, salientaron a contribución positiva do alumnado á práctica cotiá de AcompáñoTE, a través da recollida de información relevante para a súa marcha.  
As dúas partes implicadas coinciden no desexo de cooperar de forma conxunta para a mellora da realidade actual das persoas maiores que viven soas na contorna da cidade da Coruña.





10.

# Aprendizaxe e servizo: a organización interna na Cruz Vermella

Convocatoria 2019

M.<sup>a</sup> Teresa García Álvarez  
José López Rodríguez  
Mercedes Teijeiro Álvarez



## Obxectivos/resumo

- Ofrecer ao alumnado a posibilidade de coñecer a realidade nunha ONG tan importante como é a Cruz Vermella, de tal xeito que poida levar á praxe os coñecementos aprendidos ao longo da materia, mediante a realización de informes que respondan ás problemáticas do seu persoal laboral.
- Comprender a filosofía da inclusión social, a cooperación internacional e a responsabilidade para co medio ambiente. Tales coñecementos poderán ser incorporados no futuro polo estudiantado nos proxectos que terá que deseñar como directivo dunha organización no seu horizonte profesional.
- Facilitar o coñecemento entre os grupos de participantes e persoas membros da empresa, e colaborar estreitamente con estas.
- Adquirir actitudes favorables cara a un modelo educativo que valora a análise económica das organizacións coma un recurso pedagóxico de intervención social.

- Cruz Vermella

Entidade  
colaboradora



- 650 persoas traballadoras da Cruz Vermella

Destinatarias



- 209 estudantes da materia de Análise Económica das Organizacións

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

Grupo de estudantado da UDC que participa na realización de informes que responden a problemáticas organizativas da ONG Cruz Vermella, en particular no tocante ao persoal laboral.

- Emisión de informes de asesoramento sobre situacións concretas de empresas e mercados.
- Capacidade para resolver e analizar problemas organizativos relacionados coa xestión de proxectos.
- Redacción de proxectos de xestión global.
- Desempeño de labores de xestión, asesoramento e avaliación en empresas.
- Respecto dos dereitos fundamentais, promoción dos dereitos humanos e os principios de igualdade.

## Desenvolvemento

**FASE 1:** o secretario autonómico da Cruz Vermella en Galicia acudiu á facultade para realizar varias presentacións da ONG, así como para falar dos seus valores e da importancia que teñen a inclusión social, a cooperación internacional e a responsabilidade co medio ambiente. Para finalizar, expuxo as súas principais inquietudes de cara á mellora organizativa da súa entidade en relación co persoal laboral (o persoal voluntario tratarase en futuros proxectos de aprendizaxe e servizo).

O alumnado tivo a posibilidade de preguntarlle sobre todas aquelas dúbidas que lle xurdiran de cara á realización do traballo. A resposta por parte do alumnado foi excelente e aproveitaron esta oportunidade, fixeron gran cantidade de intervencións. Isto foi valorado por parte do relator moi positivamente

## Desenvolvemento

**FASE 2:** na segunda fase desenvolveuse unha wiki colaborativa en que o alumnado foi dispoñendo a información que considerou relevante. Pola súa parte, o profesorado puxo nela a información que a empresa lle proporcionara previamente.

O alumnado tiña a opción de requirir datos complementarios á empresa, mais ninguén optou por esta vía, dado que a información achegada inicialmente foi bastante completa.

**FASE 3:** os grupos de estudantes, de xeito independente, tiñan que escoller aqueles problemas que lles resultaran máis interesantes para desenvolver e expor solucións, contando coa guía e o apoio de diferentes docentes da materia.

**FASE 4:** a última fase abrangueu o envío dos informes realizados polos estudantado á empresa, así como a exposición dos seus traballos en diferentes mesas de debate. Ademais, alumnado e empresa cubriron os cuestionarios de valoración do servizo e de reflexión ao respecto.


## Avaliación

- Niveis de satisfacción: a partir das enquisas realizadas, pódese dicir que todos os axentes participantes amosan un alto grao de satisfacción.
- Con respecto á entidade colaboradora e ao profesorado, a avaliación é altamente positiva. Máis en concreto, a entidade manifestou de xeito literal que considera esta “moi boa experiencia e un alumnado motivado e participativo”. Así mesmo, destaca os plans colaborativos de acción desenvolvidos para lograr os obxectivos establecidos inicialmente no proxecto. Tanto a entidade coma o profesorado involucrado amosaron o seu interese en manter colaboracións futuras.
- En relación cos contidos, atópase diversidade nos resultados:
  1. Hai traballos honradamente moi bos, os cales foron comentados e enxalzados pola empresa debido á súa orixinalidade e a súa aplicación práctica.
  2. Noutros casos, detectáronse traballos que son correctos, máis non acadaron o nivel de profundidade a que se aspiraba nun inicio, en canto aos resultados de aprendizaxe.

- Aparentemente a avaliación de tales axentes resultou positiva. Valorouse de forma salientada os plans colaborativos de acción entre empresa e universidade para acadar os obxectivos establecidos inicialmente no programa de aprendizaxe e servizo.
- Profesorado e entidade colaboradora amosan interese para manter colaboracións futuras.
- Por parte do alumnado, a valoración foi moi positiva, de 3,31 nunha escala do 1 ao 5, onde 1 é totalmente desacordo e 5 totalmente acordo.

## Resultados

- Coñecen e comprenden os conceptos básicos da organización da actividade económica.
- Coñecen e comprenden as principais teorías que nos permiten a análise económica das organizacións.
- Capacidade para resolver e analizar problemas organizativos relacionados co ámbito da estratexia e coa xestión de proxectos.



## Evolución

O tempo de duración do proxecto foi dun cuadrimestre para cada grao, desde que o responsable da Cruz Vermella presentou a devandita ONG ata que o estudantado entregou o seu informe

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2019](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

# 11.

## Fisioterapia escolar nun colexio de educación especial

Convocatoria 2019

Verónica Robles García  
Alicia Martínez Rodríguez  
Asenet López García



## Obxectivos/resumo

- Coñecer o papel do/a fisioterapeuta no campo da diversidade funcional na infancia no ámbito escolar.
- Proporcionar tratamento de fisioterapia para nenos/as con diversidade funcional.
- Brindar asesoramento ao persoal educativo e ás familias de nenos/as con diversidade funcional.

- Centro de Educación Especial María Mariño e ANPA deste centro

Entidade colaboradora



- 29 nenos/as con diversidade funcional escolarizados no Centro de Educación Especial María Mariño

Destinatarias



- 26 alumnos/as das Estadías Clínicas I e II, amais do Tralaballo de Fin de Grao

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

- Aplicar os coñecementos impartidos no grao en Fisioterapia nun contexto real.
- Traballar de forma efectiva individualmente e en grupo durante as intervencións terapéuticas.
- Desenvolver destrezas e aptitudes de cara ao mundo laboral no ámbito escolar e no campo da diversidade funcional na infancia.
- Proporcionar un servizo de fisioterapia no ámbito escolar dirixido a nenos/as con diversidade funcional.
- Asesorar o persoal educativo e as persoas coidadoras do centro.
- Asesorar as familias de nenos/as con diversidade funcional.

## Desenvolvemento

**FASE 1:** organización do curso académico mediante reunións e a participación activa do alumnado.


**FASE 2:** intervención: visitas e avaliacións iniciais, entrevistas coas familias e o profesorado, deseño do plan de intervención fisioterapéutica e avaliación final.

**FASE 3:** avaliación dos resultados da intervención terapéutica mediante enquisas de satisfacción e aprendizaxe.



## Avaliación

- Enquisas de aprendizaxe e de satisfacción do alumnado do grao en Fisioterapia.
- Enquisas de satisfacción do persoal educativo do Colexio de Educación Especial María Mariño.
- Enquisas de satisfacción co alumnado do grao en Fisioterapia das familias e dos/as nenos/as con diversidade funcional.
- Avaliación clínica e seguimento dos destinatarios por parte do alumnado do grao en Fisioterapia.
- Avaliación dos traballos de fin de grao realizados baixo este proxecto de aprendizaxe e servizo.



## Resultados

Os resultados foron satisfactorios, tanto para o alumnado como para os/as nenos/as e as súas familias.

Resultados globais:

- 188 horas totais de aprendizaxe e servizo (anuais).
- Traballo nas aulas xunto co profesorado.
- Innovación tecnolóxica (robot de marcha, videoxogos).



# Evolución

## 2016:

- Detección da necesidade dunha iniciativa de aprendizaxe e servizo.
- Experiencia piloto con 11 nenos/as e adolescentes con diversidade funcional e 30 estudantes do grao en Fisioterapia.

## 2017:

- Establecemento de melloras de acordo coas enquisas do ano anterior.
- Experiencia de aprendizaxe e servizo con 18 nenos/as e adolescentes con diversidade funcional e 30 estudantes do grao en Fisioterapia.
- Optimización da avaliación e do seguimento.

## 2018:

- Establecemento de melloras de acordo coas enquisas do ano previo.
- Experiencia de aprendizaxe e servizo con 20 nenos/as e adolescentes con diversidade funcional e 30 estudantes do grao en Fisioterapia.
- Asesoramento en materia de adquisición de material e ferramentas terapéuticas para o colexio.

## 2019:

- Establecemento de melloras de acordo coas enquisas do ano previo.
- Experiencia de aprendizaxe e servizo con 29 nenos/as e adolescentes con diversidade funcional e 26 estudantes do grao en Fisioterapia.
- Innovación tecnolóxica: robot de marcha e videoxogos.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2019](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

## 12.

# Oportunidades para a participación no ocio e o deporte inclusivos: achegas da terapia ocupacional

Convocatoria 2019

Thais Pousada García



## Obxectivos/resumo

- Adquirir competencias específicas da titulación no desenvolvemento dunha actividade de servizo á comunidade.
- Coñecer as necesidades e experiencias reais das persoas con diversidade na práctica deportiva.
- Participar activamente na contorna para mellorar e facilitar a práctica de deportes adaptados e inclusivos.
- Contribuír aos fins e actividades dunha entidade sen ánimo de lucro e coñecer o seu funcionamento desde dentro.
- Axudar a difundir a experiencia de aprendizaxe e servizo entre estudantes de terapia ocupacional doutras universidades de España.
- Facilitar a participación nos adestramentos necesarios para o mantemento físico dos deportistas con diversidade funcional.
- Proporcionar unha atención personalizada en función das necesidades funcionais e preferencias para fomentar a participación en actividades deportivas de ocio e deporte.
- Dar difusión e fomentar a práctica de deportes adaptados, de xeito inclusivo.
- Ofrecer unha proposta divertida, lúdica e sen barreiras para o goce das persoas con e sen diversidade funcional.

- Fundación Abrente
- ENKI Proxecto

Entidade  
colaboradora



- 50 persoas con discapacidade física ou funcional

Destinatarias



- 53 estudantes

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

- Participación en actividades deportivas inclusivas xestionadas pola Fundación Abrente.
- Observación e análise do desenvolvemento dos adestramentos deportivos de persoas con diversidade funcional.
- Deseño e colaboración no deseño de adaptacións para a práctica de actividades deportivas.
- Planificación dun encontro de fin de semana lúdico deportivo e participación nel.
- Preparación e presentación de comunicacións nun congreso nacional.
- Apoio persoal a deportistas con diversidade durante os adestramentos en ximnasio.
- Adaptación personalizadas de materiais, espazos e novos produtos de apoio para a praxe deportiva.
- Axuda na realización das xornadas de sensibilización sobre inclusión nos colexios da Coruña.

## Desenvolvemento

### FASE 1: cronograma de actividades.

- Adestramento en ximnasio.
- Piscina.
- Aire libre.
- Visitas a colexios: actividade "Ponte no meu lugar"

### FASE 2: participación.

- Observación.
- Análise da actividade.
- Axuda e apoio no seu desenvolvemento.

### FASE 3: elaboración de adaptacións.

- Materiais deportivos.
- Máquinas.
- Produtos de apoio de baixo custo.

### FASE 4 retroalimentación.

- Síntese de resultados.
- Puntos fortes.
- Dificultades e propostas de mellora.
- Presentación de adaptacións.

# Avaliación

## Heteroavaliación:

- Entrega dun traballo cunha proposta de adaptación ou produto de apoio para práctica deportiva.
- Reflexión creativa. Formato alternativo (vídeo, infografía, mapa de ideas, póster...).
- Traballo de campo: cos deportistas con diversidade funcional.
  1. Os traballos entregáronse antes do 12/01/2019.
  2. Os traballos podían facerse e entregarse individualmente ou en grupos dun máximo de 3 persoas.
    - 10% da nota materia.

## Autoavaliación obrigatoria:

- Formulario en liña.
- Cuestionario de avaliación adaptado á materia.



# Resultados


- Cabe salientarmos a difusión posterior dos resultados e a experiencia polas súas repercusións positivas nos propios estudantes.
- Un grupo de estudantes que idearon solucións e materiais deportivos adaptados de baixo custo presentaron os seus resultados no XIX Congreso Nacional de Estudantes de Terapia Ocupacional (marzo de 2019). Tal presentación mereceu o premio á mellor comunicación do congreso.
- Fin de semana lúdico deportivo: en total participaron 33 estudantes, nenos/as e persoas adultas con e sen diversidade funcional, amais de 16 persoas con discapacidade cognitiva, membros dun grupo de ocio de Bergondo, que asistiron á xornada do sábado.

O dito encontro de fin de semana, grazas á Dirección Xeral de Xuventude (Xunta de Galicia), puido ter lugar nas instalacións do Albergue de Gandarío (Bergondo) na fin de semana do 2-3 de marzo.

Foron 15 estudantes os que decidiron participar nesta experiencia. Tiveron varias reunións presenciais coa docente para organizar a loxística e os horarios e concretar participantes no encontro. O estudantado encargouse completamente do deseño das actividades, da relación dos materiais necesarios e das opcións alternativas en caso de mal tempo.

As comidas e o procesamento das inscricións xestionounos a Fundación Abrente

- O resultado da experiencia foi satisfactorio para todas as partes. En particular, grazas a ela os estudantes realizaron todo un proceso de aprendizaxe completo, que lles permitiu adquirir sobre todo habilidades para a resolución de problemas, a xestión de grupos e a comunicación, así como competencias específicas da materia.



## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2019](https://www.enkiproyecto.com/i-encuentro-ludico-deportivo-enki/) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

<https://www.enkiproyecto.com/i-encuentro-ludico-deportivo-enki/>



# 13.

## Discapacidade e emprego: Proxecto de iniciación ás relacións laborais

Convocatoria 2020

Cristina Anido Martínez  
Jesús María García Pardo





## Obxectivos/resumo

Ao revisar as estatísticas de ámbito mundial, europeo e español, queda de relevo que o acceso ao mercado laboral é máis complexo para as persoas con discapacidade, así como tamén o é o acceso á educación superior ou á educación ao longo da vida profesional.

O obxectivo principal deste proxecto foi presentar información sobre aspectos básicos das relacións laborais ás persoas usuarias da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) en Ferrol, coa finalidade de mellorar a súa inclusión laboral. Así, proporcionáronse nocións básicas para entender como é unha nómina e que función teñen os convenios colectivos, amais de coñecer os seus contidos e aprender a facer buscas nestes textos.

No tocante á aprendizaxe, este proxecto implicou unha maior comprensión dos contidos desenvolvidos no TFG, ao ter que explicárllelos a outras persoas.

Cabe salientar a mellora en relación con competencias transversais fundamentais para o desenvolvemento persoal e profesional, como son a autonomía na aprendizaxe, a capacidade de toma de decisións, as habilidades interpersoais e a responsabilidade social.

En canto á parte de servizo, este proxecto pretendeu contribuír a mellorar os coñecementos sobre documentos básicos no eido das relacións laborais das persoas con discapacidade, co obxectivo de incidir positivamente nas posibilidades de inserción laboral deste colectivo vulnerable. Para iso realizouse un obradoiro, constituído por catro pímulas formativas, en colaboración coa COGAMI en Ferrol.

- COGAMI (Ferrol)

Entidade  
colaboradora



- 15 persoas

Destinatarias



- 1 estudante

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao traballo dunha forma profesional, e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
- Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente, usando a terminoloxía e as técnicas axeitadas.
- Capacidade de organización e planificación.
- Capacidade de xestión da información.
- Toma de decisións.
- Habilidades nas relacións interpersoais.
- Adaptación a novas situacións.
- Motivación para a calidade e creatividade.
- Recoñecemento da diversidade e da multiculturalidade.
- Comportarse con ética e responsabilidade social como parte da cidadanía e como profesional.
- Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
- Utilizar as ferramentas básicas das TIC para o exercicio da profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida.
- Asumir como profesional e parte da cidadanía a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

## Desenvolvemento

**FASE 1:** necesidades formativas inicialmente identificadas:

- Nómina. Definición, conceptos recollidos, obrigas coa Seguridade Social, custo do traballador para a empresa, salario neto, salario bruto etc.
- Contrato.
- Convenio colectivo.
- Facilitar a comprensión das conexións entre os diferentes documentos.

**FASE 2:** enquisa inicial en liña para definir o nivel de coñecementos das persoas usuarias e así poder dirixir o obradoiro máis concretamente a certos temas.

**FASE 3:** obradoiro teórico-práctico virtual constituído por catro pímulas formativas, dunha duración aproximada de entre 6-14 minutos:

- Vídeo 1: a nómina
- Vídeo 2: o convenio colectivo
- Vídeo 3: práctica
- Vídeo 4: aspectos xerais das relacións laborais

As persoas usuarias, logo de ver o conxunto dos vídeos, puideron cubrir unha enquisa final para valorar se a formación cumprira as súas expectativas, se a claridade da explicación dos conceptos fora boa e a calidade do vídeo idónea, así como para presentar as súas opinións sobre aspectos que mellorarían ou informar das súas dúbidas.

## Avaliación

- Enquisa inicial e final ás persoas usuarias da COGAMI.
- Enquisa de satisfacción á COGAMI.
- Avaliación do equipo docente e do tribunal de TFG.

## Resultados

O 100% das persoas participantes considera:

- que a duración dos vídeos e a súa calidade (imaxe e son) resultan correctas;
- de utilidade o exposto nos vídeos;
- de utilidade a explicación de como buscar un convenio colectivo;
- e que o vídeo titorial é unha boa ferramenta para a formación.

O 92% considera que a confección dunha nómina lles axudou a entendela mellor.

O 85% obtivo coñecementos novos a través dos vídeos.

A entidade, satisfeita co proxecto, destaca que posibilita o intercambio de coñecemento e o achegamento de diferentes colectivos.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2020](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

14.

Proposta de  
restauración dos  
hábitats acuáticos da  
zona húmida de  
Cospeito

Convocatoria 2020

Roberto Bao  
Isabel Pardo



## Obxectivos/resumo

A zona húmida de Cospeito forma parte do espazo natural Parga-Ladra-Támoga, declarado como lugar de interese comunitario (LIC ES1120003) dentro da Rede Natura 2000 da UE. Tamén forma parte da Reserva da Biosfera das Terras do Miño, recoñecida pola UNESCO.

Nos anos cincuenta do s. XX foi parcialmente desecada, ata case desaparecer unha lagoa pouco profunda de augas libres que existía no seu interior. Un proxecto de restauración acometido a finais dos anos noventa permitiu crear unha zona húmida semiartificial cunha lagoa semellante á orixinal, pero de menor extensión. Con todo, a falla de mantemento provocou nos últimos anos unha aceleración do seu ateigamento e a perda de ambientes lacustres, un fenómeno de degradación ambiental que se intensificará co escenario de quecemento global.

Este espazo constitúe un laboratorio natural excelente onde desenvolver a docencia práctica da materia Conservación e Restauración de Ecosistemas Acuáticos dentro do Máster Interuniversitario en Biodiversidade Terrestre (USC, UDC e UVigo).

Durante o curso 2019/20 o alumnado da materia elaborou nas súas prácticas ideas encamiñadas a restaurar hábitats especialmente degradados na zona húmida e suxerir accións que fomenten un uso público sustentable. Cun formato de actividade de aprendizaxe e servizo, o destinatario final deste traballo foi a Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT), unha entidade que promove a conservación e o uso sustentable de espazos naturais de grande interese ecolóxico e/ou cultural en Galicia.

Seguindo o sistema de traballo coñecido como enfoque de marco lóxico (EML), que facilita o desenvolvemento dunha práctica reflexiva,

o alumnado desenvolveu en grupos de traballo ideas encamiñadas a (a) reducir o contido de fósforo da lagoa; (b) aumentar as achegas hídricas; (c) manter o estadio sucesional herbáceo nas marxes da lagoa; (d) crear microhábitats para especies ameazadas; e (e) fomentar o uso público sustentable.

As memorias elaboradas polo alumnado foron entregadas á AGCT para se crear un banco de ideas de custodia do territorio que esta asociación poida desenvolver no futuro.

- Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT)

Entidade colaboradora



- Sociedade en xeral

Destinatarias



- 20 estudantes

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

Competencias específicas:

- Coñecer os principais factores de degradación de ecosistemas acuáticos e terrestres, así como as estratexias de restauración.

Competencias xerais:

- Que o estudiantado saiba aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos ou multidisciplinares relacionados coa súa área de estudo.
- Que o estudiantado sexa capaz de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade para o razoamento, a argumentación e a toma de decisións.

## Desenvolvemento

- Contacto inicial coa AGCT. Durante o curso 2018/19 iniciáronse os contactos co persoal da AGCT con vistas a desenvolver actividades conxuntas no marco da aprendizaxe e servizo.
- Desenvolvemento dun plan de traballo AGCT-UDC- UVigo. En xullo e agosto de 2019 elabórase un programa en que se recolle a opción de que o alumnado desenvolva ideas encamiñadas a:
  1. reducir os niveis de fósforo na auga;
  2. aumentar as achegas hídricas;
  3. manter o estadio sucesional herbáceo nas marxes da lagoa;
  4. favorecer a habitabilidade de dúas especies vexetais ameazadas: *Eryngium viviparum* e *Pilularia globulifera*;
  5. xestionar adecuadamente o espazo ocupado por aves anátidas fronte ao necesario para as limícolas;
  6. e mellorar usos públicos do espazo, de xeito que se promovan actividades sustentables de carácter interpretativo, informativo, científico e/ou recreativo.
- Xornada de introdución á custodia do territorio na sede da AGCT. Tivo lugar o día 29/09/2019 na Casa das Ínsuas, Rábade (Lugo), logo de se impartiren nesa mesma semana as clases teóricas da materia. Nesta xornada presentouse ao alumnado as bases desta estratexia de conservación por parte da AGCT.
- Xornada práctica na zona húmida de Cospeito. O mesmo día 29/09/2019 fíxose unha saída á lagoa de Cospeito en que a AGCT e o profesorado da materia deron a coñecer ao alumnado a problemática ambiental e social deste espazo natural *in situ*.
- Así mesmo, no marco dunha práctica reflexiva, solicitouse ao alumnado unhas primeiras ideas de accións para desenvolver segundo o exposto nos puntos anteriores deste apartado.
- Por último, constituíronse grupos de traballo, cada un dos cales seleccionou dúas temáticas de restauración para desenvolver (véxase os obxectivos específicos sinalados por cada grupo na seguinte páxina).



## Desenvolvemento

- Desenvolvemento dos traballos e titorización. Desde a saída ao campo e con data límite do 18/11/2019, o alumnado desenvolveu nos grupos de traballo cada unha das dúas ideas de restauración e redactou as correspondentes memorias. Neste proceso os estudantes foron titorizados en grupo polo profesorado das materias. Así mesmo, o persoal da AGCT atendeu as súas dúbidas. A entrega dos traballos realizouse en prazo, e o profesorado facilitoulle unha copia á AGCT.
- Avaliación. A cualificación dos traballos por parte do profesorado seguiu as directrices que se explican no seguinte apartado. Valorouse tamén a opinión da AGCT, destinataria do servizo prestado.



## Avaliación

- A avaliación realízase sobre unha memoria en que o alumnado describe o proxecto de restauración ambiental e posta en valor que suxire para o espazo natural. En termos xerais, valórase especialmente a planificación realista e obxectiva do proxecto, tomando como modelo o denominado enfoque de marco lóxico (EML).  
Así mesmo, monitorizouse ao longo do proxecto, mediante titorías, a execución dunha práctica reflexiva dos traballos.
- Máis especificamente, avalíanse os seguintes aspectos:
  1. Aspectos formais. Valórase o bo uso da bibliografía, a ortografía e a sintaxe empregada na redacción, a concisión nas ideas etc.
  2. Accións e metodoloxía. Tense en conta o apropiado das accións suxeridas e se as metodoloxías se sustentan en experiencias previas noutros lugares e/ou teñen lóxica ecosistémica. Valórase especialmente a descrición clara e concisa das actuacións que se van desenvolver no espazo natural.

3. Integración e coherencia entre si das accións de restauración. Este ítem fai especial fincapé en valorar a sustentabilidade das propostas, na filosofía das *nature-based solutions*. Así mesmo, avalíase a compatibilidade das accións cos usos tradicionais da poboación.
4. Adecuación do orzamento económico das propostas. Valóranse o realismo e o sentido común da memoria económica de gastos do proxecto. Dado o carácter profesionalizante do máster, este apartado tivo un peso moi significativo na avaliación final.
5. Adecuación da proposta no contexto do enfoque de marco lóxico (EML). Valórase a adecuación ao sistema de avaliación e seguimento dos proxectos da Fundación Biodiversidade en materia de adaptación al cambio climático, dado que seguen este enfoque metodolóxico.

## Resultados

Despois da saída ao campo de profesorado, alumnado e a AGCT, efectuáronse os traballos de elaboración das memorias e a súa titorización.

O resultado final da experiencia resultou moi positivo para todas as partes implicadas:


- Para o alumnado, xa que lle permitiu medir a súa capacidade de propoñer solucións, algo que demanda a sociedade, a un conxunto de problemas ambientais reais e coñecer de forma práctica as estratexias de custodia do territorio.
- Para o profesorado, porque a experiencia facilitou desenvolver un módulo de prácticas nun laboratorio natural como é a zona húmida de Cospeito da man da AGCT, que posúe unha longa experiencia no seu coñecemento.
- Para a AGCT, porque recibiu unha achega de ideas orixinais de xestión deste espazo natural que pode integrar agora nos seus propios proxectos.

## Evolución

Debido ao éxito acadado neste primeiro curso, a actividade de aprendizaxe e servizo que presentamos xa tivo continuidade durante o curso 2020/21.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2020](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.



15.

## Proxecto Frederick

Convocatoria 2020

Patricia Carballal Miñán

3 SAÚDE  
E BENESTAR



4 EDUCACIÓN  
DE CALIDADE



## Obxectivos/resumo

Durante o confinamento que se iniciou o 15 de marzo e finalizou o 4 de maio de 2020 (data en que comezou a desescalada), as persoas maiores reveláronse como un colectivo especialmente vulnerable á covid-19, pola gravidade que nelas atinxe a doenza. De feito, as campañas gobernamentais centráronse en apelar á responsabilidade individual da cidadanía para non transmitir o virus ás persoas de risco.

Porén, o colectivo da terceira idade non recibira nos últimos anos o recoñecemento social necesario, a pesar de ser fonte de riqueza cultural, social e familiar.

Neste contexto, desde a materia de Lingua e Literatura Castelá e a súa Didáctica do grao en Educación Primaria, elaboramos unha proposta de aprendizaxe e servizo para darlles visibilidade ás persoas maiores durante o confinamento, facernos eco da súa situación física e psicolóxica, difundir a responsabilidade social e promover a súa participación social e educativa.

A terceira idade, malia atesourar importantísimos coñecementos (especialmente relevantes en tempos de crise), apenas está presente nos currículos educativos escolares e universitarios, e na construción sociocultural da literatura.

Deste xeito, con base nos principios do currículo democrático, da integración curricular e da responsabilidade social universitaria, deseñamos unha proposta que se levou a cabo durante o confinamento e as clases a distancia universitaria (a partir do 15 de marzo de 2020 e até final do curso).

O estudiantado debía facerse cos medios técnicos precisos e, mantendo as precaucións necesaria, entrevistar a persoas maiores próximas, dialogar con elas e escoitalas, á vez que compilaban as pezas do cancionero tradicional infantil (cancións, romances, arrollos, adiviñas, ladaíñas etc.) que estas recordaban.

Logo, o alumnado elaborou diferentes videocreacións visibles a través dunha canle de YouTube habilitada e denominada Proxecto Frederick. Os vídeos difundíronse entre os familiares adultos das persoas entrevistadas, docentes e persoal bibliotecario, entre outros mediadores, mediante as redes sociais e ferramentas TIC para que llelos fixeran chegar a nenos/as confinados/as nas súas casas, xa que, en moitos casos, apenas tiñan contacto coa literatura (xa que as escolas e bibliotecas estaban pechadas).

Deste xeito, nenas/os puideron achegarse ao acervo artístico, educativo, lúdico e cultural da poesía infantil de transmisión oral, amais de coñecer a quen o transmite e interpreta, de xeito que se poida continuar coa cadea transmisión.

Xunto cos vídeos, o estudantado universitario intentou sensibilizar os/as nenos/as sobre a situación sociosanitaria das persoas maiores, sobre a responsabilidade social de coidalas e sobre o relevante papel que este colectivo debería ocupar na sociedade, na cultura e na educación, para loitar contra a súa discriminación. Ademais, instaron os/as nenos/as a facer as súas propias recompilacións cos seus avós e as súas avoas, amais doutras persoas maiores da súa contorna.

Entidade  
colaboradora



- 200

Destinatarias



- 122 estudantes

Participantes



# Aprendizaxe + servizos

## Competencias específicas:

- Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.
- Adquirir formación literaria e coñecer a literatura infantil.
- Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura.
- Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente nas linguas oficiais de Galicia.
- Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
- Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados, así como promover as competencias correspondentes do estudantado.

## Competencias xerais:

- Comunicarse de maneira efectiva nunha contorna de traballo.
- Elaborar discursos coherentes e lóxicos.
- Expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.
- Comprender os distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexar ferramentas informáticas.
- Usar diversas fontes de información e seleccionar, analizar, sintetizar e extraer as ideas importantes, alén de xestionar a información.

- Saber aplicar os seus coñecementos ao traballo ou vocación dunha forma profesional, e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos, así como a resolución de problemas, dentro da súa área de estudo.
- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas de índole social, científica ou ética.
- Ser quen de transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
- Desenvolver aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

## Competencias transversais:

- Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais de Galicia.
- Utilizar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida.
- Valorar a importancia da investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Desenvolvemento

**Fase 1:** formación do alumnado do grao acerca :

- dos principios que rexen a metodoloxía da aprendizaxe e servizo;
- das características teóricas e os subxéneros do cancionero de tradición oral infantil.

**Fase 2:** entrevistas ás persoas maiores confinadas para recompilar os textos do devandito cancionero.

**Fase 3:** clasificación xenérica dos textos e preparación dos materiais educativos (videocreacións).

**Fase 4:** realización dos vídeos artístico-didácticos adaptados ao público infantil confinado.

**Fase 5:** inserción dos vídeos na canle de YouTube do Proxecto Frederick e difusión polas redes sociais e TIC para que as persoas adultas (nais, docentes e outros mediadores) puidesen achegárllelos ás crianzas confinadas.

**Fase 6:** seguimento da acollida dos vídeos.

**Fase 7:** avaliación e reflexión final sobre o Proxecto Frederick e sobre a metodoloxía de aprendizaxe e servizo empregada.

## Avaliación

O desenvolvemento do proxecto, que se realizou en grupos de 3 a 6 alumnos/as, representou o 50% da nota final da materia. Un 30% máis da nota acadouse mediante un exame cun ítem en que o estudiantado reflexionou sobre as aprendizaxes adquiridas mediante o proxecto.

Respecto do desenvolvemento do proxecto, os criterios de avaliación foron os seguintes:

- Acceso, adecuación e tratamento dos textos (veracidade das entrevistas coas persoas maiores e adecuación da recollida aos textos indicados).
- Creatividade e calidade das videocreacións artísticas e/ou didácticas.
- Adecuación das videocreacións ao público infantil confinado.
- Seguimento.



## Resultados

Os resultados foron testados por varias vías. En primeiro lugar, o alumnado entregou un documento reflexivo de carácter obrigatorio, a modo de exame, en que verteu as súas reflexións sobre o proxecto. A totalidade dos/as estudantes participantes (122) manifestou que adquirira as nocións fundamentais sobre a etnopoésía infantil, así como aspectos útiles sobre como crear contidos artístico-educativos para os/as máis pequenos/as.

Ademais, o alumnado conseguiu utilizar as ferramentas TIC para fomentar a comunicación e o diálogo tanto entre eles/as como cos colectivos implicados, sempre con perspectiva humanística, con ánimo innovador e coa finalidade de divulgar o coñecemento das persoas da terceira idade, normalmente excluídas do currículo, para fomentar a non discriminación deste colectivo e a igualdade social.


O proxecto espertou no estudantado unha forte motivación (120 dos 122 documentos entregados sinalaron este feito) e fixo que se decatase do valor da literatura para xerar contextos lúdicos e de socialización en tempos de crise. Así mesmo, as e os discentes destacaron o seu compromiso coa metodoloxía de aprendizaxe e servizo.

As persoas maiores entrevistadas puideron comprobar como as súas manifestacións culturais eran validadas pola universidade e como eran difundidas entre nenos/as en idade escolar, á vez que se sentiron escoitadas, acompañadas e recoñecidas como axentes sociais necesarios.

Por último, as videocreacións do alumnado universitario permitíronlles ás crianzas confinadas achegarse á literatura de tradición oral infantil a través dos seus intérpretes (as persoas maiores) e descubrir a faceta máis lúdica deste tipo de composicións (que, ás veces, derivou na ampliación do seu repertorio de xogos e de composicións, en novas compilacións espontáneas realizadas cos seus familiares). A canle tivo 13.721 visitas, e foi compartida por docentes, bibliotecas públicas e a canle de Cultura e Deporte da UDC durante o confinamento.

## Evolución

Trátase da primeira vez que se leva a cabo o proxecto.



The screenshot shows the YouTube channel page for 'Proyecto Frederick', which has 112 subscribers. The channel is categorized under 'INICIO', 'VÍDEOS', 'LISTAS DE REPRODUCCIÓN', 'CANALES', 'COMENTARIOS', and 'MÁS INFORMACIÓN'. A red 'SUSCRIBIRME' button is visible. Below the navigation bar, there is a 'Subidas' section with a 'REPRODUCIR TODO' button. A grid of five video thumbnails is displayed, each with its title, view count, and upload date:

Video Title	Duration	Views	Upload Date
La Ratita Presumida	4:08	52 visualizaciones	hace 10 meses
Eternos	4:37	11 visualizaciones	hace 10 meses
Caperucita Roja	3:54	25 visualizaciones	hace 10 meses
Las Canciones Del Patio Del Colegio	2:12	29 visualizaciones	hace 10 meses
Cancionero infantil tradicional	3:58	36 visualizaciones	hace 1 año

## + información

- Canle de YouTube do proxecto:  
[https://www.youtube.com/channel/UCMq\\_pxOp0UY0ifUgoSHwMIg/about](https://www.youtube.com/channel/UCMq_pxOp0UY0ifUgoSHwMIg/about)
- Unha comunicación sobre este proxecto, titulada "Proyecto Frederick: una propuesta de Aprendizaje-Servicio sobre el cancionero infantil tradicional para tiempos de confinamiento", foi presentada ao III Congreso Internacional da Rede Internacional de Universidades Lectoras: Imaxinando o Futuro da Lectura (a propósito de Asimov e Bradbury, organizado pola Rede Internacional de Universidades Lectoras, a Universidade de Extremadura e a Universidade de Málaga, que tivo lugar os días 29 e 30 de setembro de 2020.

16.

## Diseño e impartición de obradoiros de alfabetización dixital

Convocatoria 2020

Cristina Anido Martínez

Joaquín Enríquez Díaz



4 EDUCACIÓN DE CALIDADE



10 REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES



17 ALIANZAS PARA LOGRA-LOS OBXECTIVOS

# LEARN

## Obxectivos/resumo

Este proxecto de aprendizaxe e servizo desenvolvido no marco da materia Informática Básica do grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Facultade de Ciencias do Traballo do campus de Ferrol) tratou de concienciar o alumnado da importancia da educación e a alfabetización dixital de cara á inserción laboral e social. O alumnado constatou a existencia dunha fenda dixital e tratou de colaborar na súa redución, mellorando o manexo de ferramentas tecnolóxicas de colectivos vulnerables.

Pola banda da aprendizaxe, este proxecto implicou a aplicación dos coñecementos teóricos adquiridos na aula no relativo ao uso das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC). A modo ilustrativo, pódese mencionar como resultado da aprendizaxe a elaboración de distintos tipos de documentos en procesadores de texto. Con todo, cabe destacar a mellora da consecución dalgunhas competencias transversais especialmente relevantes para asumir, como membro da cidadanía e futuro profesional, a importancia do compromiso e a solidariedade, da aprendizaxe ao longo da vida e da análise para diagnosticar problemas e propor solucións.

En canto á parte de servizo, este proxecto pretendeu contribuír a mellorar o grao de alfabetización dixital de membros de colectivos vulnerables, e así reducir a fenda dixital existente na sociedade. Para iso, realizáronse diferentes obradoiros en colaboración con catro ONG da cidade de Ferrol: Agencia Adventista para el Desarrollo y Recursos Asistenciales (ADRA), Asociación Dignidad Galicia, Asociación Sociocultural ASCM e Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

A formación centrouse no manexo de ferramentas TIC para a mellora da inserción social e laboral (por exemplo, uso dun procesador de texto para a elaboración dun currículo ou realización de xestións administrativas mediante Internet).

- ADRA
- Asociación Dignidad Galicia
- Asociación Sociocultural ASCM
- COGAMI

Entidades  
colaboradoras



- 29 persoas

Destinatarias



- 19 estudantes

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

- Transmitir información e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas axeitadas.
- Aplicar os coñecementos á práctica.
- Capacidade de planificación e organización.
- Razoamento crítico.
- Traballo en equipo.
- Adaptación a novas situacións.
- Empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida.

## Desenvolvemento

Data	Actividade Obxectivo
De 06/2019 a 09/2019	Reunións do equipo docente coas entidades receptoras do servizo.
	Organización do proxecto de aprendizaxe e servizo na materia Informática Básica do grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.
25/09/2019	Presentación das entidades participantes ao alumnado para que este decidise se realizar ou non o proxecto de aprendizaxe e servizo e, de ser o caso, escollese a entidade con que colaborar.
10/2019	Traballo en grupo durante as sesións interactivas.
	Buscar información sobre a entidade asignada e preparar a entrevista inicial. Posta en práctica dos coñecementos adquiridos para a xestión de tarefas e o traballo colaborativo.
Do 23/10/2019 ao 30/10/2019	Entrevista inicial: reunións do alumnado (acompañado do equipo docente) coas entidades receptoras do servizo, co obxecto de coñecer as súas necesidades e recoller a información necesaria para organizar e planificar o correspondente obradoiro.
11/2019	Traballo en grupo durante as sesións interactivas para organizar e desenvolver os obradoiros e xestionar a información pertinente coas ferramentas de traballo colaborativo.
20/11/2019	Presentación preliminar dos obradoiros por parte de cada grupo ante o equipo docente, representantes das entidades e o resto do alumnado, que permite obter retroalimentación: puntos fortes e melloras para levar a cabo antes de impartir os contidos do obradoiro.
De 11/2019 a 12/2019	Desenvolvemento dos obradoiros, coa presenza do equipo docente e representantes da entidade.

## Avaliación

Avaliación continua do alumnado participante:

- Seguimento periódico
- Rúbrica de avaliación do obradoiro
- Memoria final
- Exame final

Do proxecto:

- Enquisa de satisfacción das persoas destinatarias
- Enquisa de satisfacción das entidades
- Enquisa de satisfacción do alumnado participante

## Resultados

A enquisa para valorar o grao de satisfacción coa formación e o estudiantado no seu papel de formadores das persoas destinatarias constou de 5 preguntas (4 cerradas e 1 aberta). As preguntas cerradas medíronse mediante unha escala de Likert de grao 5 (onde 1 era completamente en desacordo e 5 completamente de acordo).

En xeral, o grao de satisfacción coa formación é alto: entre o 86-100% das persoas destinatarias marcaron as opcións 4 e 5. Os mesmos resultados se acadaron na valoración da mellora de coñecementos, habilidades ou capacidades tras a formación. Dentro das propostas de mellora mencionadas cabe salientarmos, pola súa repetición, unha “maior duración do curso” e que a formación teña lugar con “máis frecuencia e regularidade”.

A enquisa de satisfacción co proxecto de aprendizaxe e servizo e o seu desenvolvemento das entidades receptoras do servizo constou de 18 preguntas (13 cerradas e 5 abertas). As preguntas pechadas medíronse mediante unha escala de Likert de grao 5 (onde 1 era completamente en desacordo e 5 completamente de acordo).

Todas as entidades concordaron en que o proxecto satisfizo unha necesidade da comunidade e as actividades do servizo foron interesantes, así como na percepción dos e das estudantes como recursos valiosos, e outorgaron tamén as máximas puntuacións (4 e 5).

O aspecto peor valorado polas catro entidades ten a ver co tempo e a duración da actividade. No tocante ao que se podería mellorar, coinciden no mencionado polas persoas destinatarias sobre coa duración e a regularidade do proxecto.

A enquisa de satisfacción do alumnado co proxecto de aprendizaxe e servizo constou de 32 preguntas (28 cerradas e 4 abertas). As preguntas cerradas medíronse mediante unha escala de Likert de grao 5 (onde 1 era completamente en desacordo e 5 completamente de acordo).

En xeral, os resultados son moi positivos: acádase en todas as cuestións unha puntuación media maior de 4 puntos sobre un total de 5. O aspecto que recibe peores valoracións, 3,5 de media, é de novo o relacionado co tempo e a duración dos obradoiros.

O estudantado coincide en salientar o feito de poder aplicar os coñecementos adquiridos na materia e a oportunidade de axudar aos demais como o máis positivo: “Os aspectos positivos que atopo nesta actividade son: o ensinar o que aprendemos, xa que moitas veces pensamos que non sabemos cando en realidade si, relacionarnos con xente con múltiples necesidades e ver una realidade que non adoitamos ver habitualmente, traballar en equipo, aprender a escoitar e poñer ideas en común”.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2020](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

Durante o desenvolvemento do proxecto, algunhas das entidades receptoras do servizo divulgaron información sobre el nas súas redes sociais e páxinas web:

<https://noticiasasm.blogspot.com/2019/12/informatica-inclusiva-da-man-do.html?m=0>

<http://www.adraferrol.es/hoy-tuvo-lugar-el-segundo-taller-de-informatica-basica-en-la-universidade-da-coruna/>

<http://www.adraferrol.es/los-usuarios-de-adra-ferrol-participaron-en-el-primer-taller-de-informatica-basica-en-la-universidade-da-coruna/>

<http://www.adraferrol.es/adra-comienza-su-colaboracion-con-la-universidade-da-coruna/>

O luns 21/01/2020 representantes dos grupos de traballo do proxecto de aprendizaxe e servizo participaron nunha entrevista en Radio Filispim no programa de variedade “Unha tarde no muíño”.

<https://muinhodovento.gal/radio-072/>



17.

A educación financeira:  
Análise teórica e  
experiencia práctica a  
través dun proxecto de  
aprendizaxe e servizo

Convocatoria 2020

Begoña Álvarez García

Joaquín Enríquez Díaz

4



9

INDUSTRIA  
INNOVACIÓN E  
INFRAESTRUCTURA



10

REDUCCIÓN DAS  
DESIGUALDADES



12

PRODUCCIÓN  
E CONSUMO  
RESPONSABLES



17

ALIANZAS PARA  
LOGRAR LOS  
OBJECTIVOS



## Obxectivos/resumo

O proxecto de aprendizaxe e servizo desenvolvido pola alumna Raquel González Castro, na materia Traballo e Fin de Grao (en diante, TFG) do Grao en Administración e Dirección de Empresas (en diante, ADE) pon de manifesto a importancia da educación financeira como ferramenta básica para o desenvolvemento dunha sociedade máis igualitaria e sostible.

Polo lado da aprendizaxe, este proxecto implicou que a estudante realizase unha investigación exhaustiva, que resultou nun excelente TFG, que proporciona unha radiografía xeral do nivel medio de coñecementos económico-financeiros dos adolescentes, así como a súa relación con diferentes factores sociodemográficos que afectan á cultura financeira da poboación máis nova, e o seu grao de conciencia fiscal.

En canto á parte de servizo, o proxecto tivo como obxectivo axudar a mellorar a educación e cultura financeiras dun grupo de 116 estudantes de secundaria do IES Concepción Arenal de Ferrol, como ferramenta básica para o seu correcto desenvolvemento na toma de decisións autónomas, no seu día a día.

- IES Concepción Arenal (Ferrol)

Entidade colaboradora



- 116 alumnos/as do IES Concepción Arenal

Destinatarias



- 1 estudante

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

- Comprender coñecementos na área de estudo que parten da base da educación secundaria xeral, e que, apoiándose en libros de texto avanzados, tamén inclúen algúns aspectos que involucran coñecementos da vangarda do seu campo de estudo.
- Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo de forma profesional e posuír as habilidades que habitualmente se demostran a través da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo.
- Saber recompilar e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de carácter social, científico ou ético.
- Transmitir información, ideas, problemas e solucións a públicos tanto especializados (participación en congresos, elaboración de documentos científicos e do propio traballo de fin de grao) como non especializados (impartición de charlas no centro receptor).
- Desenvolver as habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
- Saber realizar tarefas de xestión, asesoramento e avaliación en organizacións empresariais.
- Saber tomar decisións e, en xeral, asumir tarefas de xestión (a estudante colaborou en tarefas de xestión e organización das charlas impartidas).
- Saber identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar información, seleccionar e motivar as persoas, tomar decisións en condicións de incerteza, lograr as metas propostas e avaliar resultados.
- Respetar os dereitos fundamentais e a igualdade de homes e mulleres, así como a promoción dos dereitos humanos e os principios de igualdade de oportunidades, a non discriminación e a accesibilidade universal para as persoas con discapacidade.
- Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, e de formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
- Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais de Galicia.
- Avaliar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas que deban afrontar.
- Asumir como profesional e cidadá a importancia da aprendizaxe permanente.

## Desenvolvemento

**FASE 1:** estudo das necesidades sociais a que se pretendía dar resposta, que levou a constatar a falta de iniciativas de divulgación económico-financeira na nosa comunidade.

**FASE 2:** selección da entidade colaboradora, contacto co IES Concepción Arenal de Ferrol e identificación e segmentación en cinco pequenos grupos do conxunto de destinatarias do proxecto: 116 persoas escollidas aleatoriamente.

**FASE 3:** análise da realidade e identificación das necesidades sociais mediante unha primeira reunión de 50 minutos con cada un dos grupos de usuarias, en que se lles pasou unha enquisa para ter información inicial sobre os seus coñecementos de partida.

**FASE 4:** formación das usuarias partindo das necesidades detectadas.

**FASE 5:** avaliación da formación impartida (test de coñecementos adquiridos) e do proxecto.




## Avaliación


- Reunións cada 15 días coa alumna para comprobar se se adquirían as competencias previstas.
- Supervisión e corrección por parte das persoas titoras de todos os materiais elaborados pola alumna.
- Supervisión en persoa por parte das persoas titoras dos obradoiros formativos impartidos.
- Supervisión do proceso de elaboración do TFG, así como (a) da comunicación presentadas a un congreso internacional; e (b) da publicación nun libro dado ao prelo por unha editorial de recoñecido prestixio.
- Enquisa de satisfacción das persoas destinatarias.
- Enquisa de coñecementos (pre e postobradoiro) para avaliar os coñecementos adquiridos polas persoas usuarias.
- Defensa do TFG por proceso de defensa non simplificado (ante tribunal).

## Resultados

- A alumna obtivo unha cualificación de sobresaliente no TFG realizado como froito do proxecto de aprendizaxe e servizo.
- As valoracións das persoas responsables do IES Concepción Arenal foron moi positivas e roldan o 4,5 nunha escala de 5 puntos. Entre os comentarios recibidos destacan como puntos fortes do proxecto: “A proximidade coas persoas que desenvolveron a actividade” e “Non se percibe ningún aspecto para mellorar”.
- As persoas usuarias outorgaron na enquisa de satisfacción unha valoración media da iniciativa (pregunta Q27) de 4,27 puntos sobre un total de 5.



- No relativo aos coñecementos adquiridos, a media das respostas correctas no cuestionario realizado antes dos obradoiros foi dun 66%, mentres que no cuestionario efectuado despois dos obradoiros as respostas correctas acadaron o 79% (unha mellora de 13 puntos porcentuais).



- A alumna presentou, xunto co PDI titor, o TFG realizado no XIII Congreso Internacional de Prospectiva e IV Congreso Internacional de Emprendemento que tivo lugar en Colombia os días 27-30 de outubro de 2020. Obtivo un premio ao segundo mellor relatorio de investigadores/as.
- A investigación levada a cabo pola estudante permitiulle elaborar xunto co PDI titor un capítulo para o libro *Financial Management and Risk Analysis Strategies for Business Sustainability*, publicado logo dun proceso de revisión por pares pola editorial internacional IGI Global, indexada no Scholarly Publishers Indicators (SPI) do CSIC. ISBN: 9781799876342
- Impacto nos medios de comunicación.

# Evolución

A estudante mostrou o seu compromiso co proxecto de aprendizaxe e servizo desde o primeiro momento, así como a súa implicación co obxectivo de contribuír a mellorar a educación financeira dos estudantes do IES Concepción Arenal de Ferrol. Por ese motivo, pode dicirse que a evolución do proxecto foi moi positiva.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2020](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

- Diario dixital Ferrol 360: <https://www.ferrol360.es/premio-internacional-para-una-universitaria-ferrolana/>
- *La Voz de Galicia*: <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ferrol/ferrol/2020/11/06/trabajo-premiado/00031604692687287584104.htm>
- *Diario de Ferrol*: <https://www.diariodef errol.com/texto-diario/mostrar/2573649/educacion-financiera-tambien-nos-permite-hacer-consumo-responsable>

- Radio Voz: <https://t.co/3JJ7cIPzm0?amp=1>
- IES Concepción Arenal: <http://www.iesconcepcionarenal.es/index.php/event/talleres-economico-financeiro-udc/>  
<http://www.iesconcepcionarenal.es/index.php/event/decision-s-economicas-do-ciclo-da-vida/>
- Web da Facultade de Economía e Empresa: <https://www.economicas.udc.es/gl/post/861/tfg-premiado-nun-congreso-de-colombia/>
- Programa “Unha tarde no muiño “de Radio Filispim: <https://muinhodovento.gal/radio-075-2/>
- Web do CUFIE: <https://udc.gal/novas/Premiado-un-dos-proxectos-de-Aprendizaxe-Servizo-do-curso-19-20/>
- Programación dos congresos en que se participou: [https://prospecta.unad.edu.co/images/2020/Programacin\\_prospecta\\_2020\\_Mircoles.pdf](https://prospecta.unad.edu.co/images/2020/Programacin_prospecta_2020_Mircoles.pdf)
- Publicación en IGI Global: <https://www.igi-global.com/book/financial-management-risk-analysis-strategies/264887>

18.

A información ao  
servizo da comunidade:  
unha web para a  
Asociación Veciñal de  
Canido (Ferrol)

Convocatoria 2020

Viviana Fernández Marcial





## Obxectivos/resumo

Este proxecto, deseñado para desenvolver as competencias da materia a través das tarefas definidas, a responsabilidade e as relacións interpersoais, tivo como propósito deseñar, canto a contido e estrutura, e botar a andar o sitio web da Asociación Veciñal de Canido (Ferrol) (en diante, AVCanido). O estudantado creou os contidos e o sitio web, que quedou dispoñible e en funcionamento na primeira semana de xuño

<http://avcanido.org>


Os obxectivos pedagóxicos estiveron ancorados nas competencias específicas. Ademais, pola propia natureza da aprendizaxe e servizo, incidíuse nas competencias básicas e transversais. O traballo constituíu o 70% da avaliación do curso. Por outra banda, a iniciativa concibiuse como un servizo á comunidade conectado coas aprendizaxes formais e informais. Os obxectivos foron os seguintes:

- Para a entidade: verse equipada dun sitio web con seccións e contidos de interese e utilidade para a veciñanza, que sirva como eficaz medio de información e que permita poñer en valor o traballo da AVCanido.
- Para o alumnado: proporcionarlle unha aprendizaxe práctica dos contidos da clase e activar a súa motivación a través do compromiso social, a responsabilidade, a vinculación coa contorna social, o traballo en equipo, o traballo nun medio externo á universidade nun contexto real, a posibilidade de comprobar os resultados do seu traballo e o seu valor.

O proxecto responde a unha necesidade social da AVCanido que quedou definida nunha reunión entre o presidente da entidade e a docente. A nova directiva da entidade incorporouse en marzo de 2017 e realizou un importante traballo de dinamización do barrio. Era necesario contar cun medio eficaz para trasladar a información á veciñanza, como garantía de que a entidade veciñal traballara a prol dunha comunidade inclusiva, sostible, segura e resiliente.

O estudantado buscou información, filtrouna e sintetizouna para crear os contidos. No momento da súa publicación, estes contidos creados polo estudantado supoñían máis do 90% da información do sitio web. Ademais, organizou a información en sección, deseñou o sitio web e publicouno. Todo iso tendo en conta as necesidades da entidade e adoptando sempre o punto de vista da persoa usuaria.

A orixinalidade do proxecto radica, desde o punto de vista didáctico, en vincular o uso de fontes de información coa responsabilidade de xerar recursos de información para a mellora da vida da comunidade. Todo isto nun curto prazo de tempo e en condicións adversas, pois o traballo foi desenvolvido durante o período do confinamento. É innovador ademais porque non é frecuente que as asociacións veciñais conten cun sitio web, fronte, por exemplo, ás empresas. Tampouco o é en Ferrol. A AVCanido é a primeira entidade veciñal con sitio web da cidade.



- Asociación Veciñal de Canido

Entidade colaboradora



- Veciños/as de Canido e todas as persoas que asisten ás actividades organizadas pola súa asociación veciñal ou interesadas no barrio

Destinatarias



- 18 estudantes

Participantes



# Aprendizaxe + servizos

Competencia da materia	Resultados de aprendizaxe
<b>CE1. Coñecer e comprender os principios teóricos e metodolóxicos da xestión de información e a documentación para aplicalos na actividade profesional</b>	Os estudantes aprenderon a buscar información e organizar información e contidos de forma eficiente para ser usados polos veciños e a AV.
<b>CE4. Dominar os fundamentos do comportamento dos individuos na busca, a recuperación e o uso da información tendo como punto de referencia os aspectos de motivación, contorno e contexto</b>	A vinculación do proxecto co contexto permitiu que os estudantes desenvolvesen o seu traballo adoptando sempre o punto de vista da entidade veciñal e os veciños.
<b>CE5. Dominar as fontes de información relevantes que lle permitan atender de forma eficaz ás demandas dos usuarios tanto para a actividade investigadora como para a actividade empresarial</b>	Os estudantes documentáronse sobre o seu tema e ademais manexaron diversos tipos de fontes de información para elaborar contidos e recursos dixitais.
<b>CE13. Coñecer e dominar as técnicas e normativas para a creación e autenticación, reunión, selección, organización, representación, preservación, recuperación, acceso, difusión e intercambio, ademais de avaliación, dos recursos e servizos de información</b>	Os estudantes coñeceron criterios, métodos e técnicas para a organización da información e para o deseño de recursos dixitais, isto é, as seccións da web e o sitio web na súa totalidade.
<b>CE16. Dominar e utilizar criterios e indicadores para a avaliación de produtos e servizos de informacións incluídas métricas e estudos cualitativos</b>	A retroalimentación da AVCanido sobre o contido e a forma, da docente e a responsabilidade de publicar os contidos permitiron contar con indicadores de avaliación.

# Aprendizaxe + servizos

Competencia de la materia	Resultados de aprendizaxe
CB1. Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación	Os estudantes integraron o aprendido en clases para crear solucións. O sitio web non existía, así como tampouco os contidos creados.
CB2. Aplicar los coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo	Aplicáronse os coñecementos a una asociación de veciños.
CB3. Ser capaz de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación do seus coñecementos e xuízos	O traballo desenvolveuse cun enfoque reflexivo. Ao longo do proceso foron conscientes do valor da súa achega e do seu impacto na AVCanido e o barrio.
CB4. Saber comunicar as súas conclusións -e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan- a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades	Demóstrase nos contidos e o deseño da web( <a href="http://avcanido.org">http://avcanido.org</a> )
CB5. Posuír as habilidades de aprendizaxe que permitan continuar estudando dun modo que deberá ser en gran medida autodirixido ou autónomo	Foron capaces de organizar o seu tempo para estudar e preparar o material. Iso fíxose máis patente pola imposibilidade do traballo presencial, consecuencia da pandemia da covid-19.
CG1. Capacidade para a cooperación, o traballo en equipo e a aprendizaxe colaborativa	Organizáronse grupos de traballo que interactuaron entre eles e coa entidade veciñal, ademais de coa docente. Usaron ferramentas colaborativas como Teams ou Google Drive. Axudáronse entre eles.
CG2. Capacidade de reflexión e razoamento crítico	Foi necesario este proceso para implicarse no traballo. Fomentouse desde o primeiro día de clases.
CG3. Capacidade de planificación, organización e xestión de recursos, información e operacións	Mostraron capacidade de planificación, organización e xestión de recursos, información e operacións polos resultados obtidos e a tempo.
CG4. Capacidade de análise, diagnóstico e toma de decisións	Resultaron grupos eficaces que traballaron entregando a tempo a súa tarefa e tomando decisións de forma autónoma.
CG6. Capacidade de comprender a importancia, o valor e a función da xestión dixital de información e documentación na actual sociedade das TIC	Crear recursos dixitais para os veciños e información de utilidade para a entidade permitiu aos estudantes comprender o valor da información e o seu impacto na comunidade.
CT1. Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais de Galicia	Apréciase no traballo entregado, nos contidos e a información na web e ao longo de todo o curso. Ponse en valor a capacidade de adecuar os contidos ao formato.
CT2. Utilizar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida	O resultado consistiu en crear un sitio web e contidos dixitais e comunicáronse para traballar a través de TIC. Para a busca de información tamén se utilizou TIC.
CT3. Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero	Mostraron unha grande actitude cívica e unha gran responsabilidade para cos veciños e a entidade. Os grupos traballaron con contidos a prol da integración da cidadanía, a cultura democrática e a igualdade, como se pode apreciar nos obxectivos de cada grupo.
CT6. Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social	Mostraron unha gran capacidade de traballo en equipo de forma interna, pero tamén de colaboración entre equipos, o cal era necesario para obter o resultado final de todo o sitio web.
CT7. Valorar a importancia que teñen a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade	Comprenderon que un sitio web pode ser clave para a mellora dun barrio e realizaron un traballo de investigación para xerar os seus contidos e deseñalo
CT8. Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos	Os grupos organizáronse de forma autónoma: estableceron os seus propios fitos, o seu método de traballo, os seus prazos. Actuaron de forma eficiente fronte aos conflitos e continxencias, e foron resilientes ante a adversidade que supuxo facer este traballo en condicións de confinamento.

# Desenvolvemento

**FASE 1:** deseño dos obxectivos didácticos do proxecto a partir das competencias da materia e definición dos resultados de aprendizaxe agardados.

**FASE 2:** contacto ca Oficina de Cooperación e Voluntariado e elección definitiva do centro.

**FASE 3:** contacto co presidente da AVCanido para concretar a necesidade social para resolver e definir as tarefas.

**FASE 4:** elaboración do documento de pautas de traballo para o estudantado, dispoñible en Moodle desde o primeiro día de clase

**FASE 5:** no primeiro día de clase tratáronse o documento de traballo, a metodoloxía da aprendizaxe e servizo, a súa importancia e o valor do traballo para realizar na AVCanido.

**FASE 6:** proposta ao estudantado dos temas de traballo (festa dos maios, seguimento de prensa, servizos sociocomunitarios, guía de comercios do barrio, deseño web) e creación dos grupos. Cada grupo escolle unha persoa responsable que lle sirva de interlocutora coa entidade, os outros grupos e todas aquelas persoas que puideran contactar, para coordinar as tarefas.

**FASE 7:** sinatura do anexo ao acordo de colaboración o 11 de febreiro de 2020.

**FASE 8:** organízase unha visita á sede da entidade veciñal para que o estudantado coñeza as súas instalacións e as actividades que realiza, e tome conciencia da importancia da entidade. Roberto Taboada, o presidente, ofreceulle unha charla. Quedou pendente un itinerario polo barrio para visitalo, algo que non foi posible debido á crise sanitaria. Os grupos quedan en contacto co presidente da AVCanido para axilizar a comunicación.

**FASE 9:** os grupos comezan o seu traballo nunha primeira etapa de recollida e busca de información. Para iso, deben facer procuras bibliográficas, pero tamén usar outras fontes (entrevistas a persoas, contacto con entidades etc.).

**FASE 10:** a docente prepara un documento máis detallado cos resultados que se esperan de cada grupo, orientacións sobre o funcionamento dos grupos e a comunicación entre eles e outros aspectos do traballo. O documento queda dispoñible en Moodle.

**FASE 11:** os grupos traballan e van aclarando as dúbidas que lles xorden.

**FASE 12:** o período de confinamento e iso obriga a establecer novas formas de traballo: os grupos, en colaboración coa docente e a entidade, trazan unha nova estratexia de traballo, en especial, para a recollida de información sobre a AVCanido e o barrio.

## Avaliación

**FASE 13:** os grupos continúan traballando e coordínanse entre eles para non repetir información, amais de co grupo de deseño web para ter os contidos nun formato axeitado aos requisitos do sitio.

**FASE 14:** realízase unha versión de proba e detéctanse erros. Participa a entidade para dar a súa opinión.

**FASE 15:** corríxense os erros.

**FASE 16:** o alumnado entrega o seu traballo na data do exame, que o inclúe en diversos apartados. Á súa vez entregan os contidos definitivos no formato axeitado.

**FASE 17:** queda lista a web, e nos primeiros días de xuño xa está accesible e en pleno funcionamento. A directiva realiza unha avaliación altamente positiva e envía un comunicado de prensa á web.

**FASE 18:** a alumna coordinadora do grupo de deseño ofrece formación á directiva da AVCanido para que esta poida traballar de xeito autónomo.

**FASE 19:** a entidade ofrece ao alumnado unha festa de recoñecemento polo seu traballo, que se apraza polas condicións sanitarias.

**FASE 20:** a docente despídese do alumnado logo de o cualificar e emitir a acta definitiva, valorando o traballo feito e o seu impacto

**FASE 21:** o estudiantado recibe o seu certificado de participación.

O proxecto de aprendizaxe e servizo constituíu o 70% da cualificación da materia, como figura na guía docente. O alumnado tivo dúas avaliacións con relación a este proxecto. Por unha parte, os e as estudantes seguiron un documento cunhas orientacións pautadas pola docente, que quedou publicado no Moodle desde o inicio do cuadrimestre e que foi explicado na primeira clase. Ademais, tiveron que presentar tanto o deseño como os contidos para a web, que debía quedar a web en funcionamento. Isto conseguiu-se nun tempo de marca, só en 3 meses e en condicións adversas, polo confinamento e o inicio da crise sanitaria.



## Resultados

Sitio web da AVCanido en Ferrol. O estudiantado creou os contidos, para o cal buscou información, filtrouna e sintetizouna. No momento da súa publicación, o contido creado polo estudiantado representaba máis do 90% da información do sitio web. Ademais, encargouse do deseño e a organización do sitio, que é orixinal e quedou accesible na primeira semana de xuño. Todo iso tendo en conta as necesidades da entidade. O sitio web é o reflexo dos valores e necesidades do barrio e da entidade veciñal.

Os resultados do traballo realizado pódense apreciar no propio resultado final <http://avcanido.org/>

## Evolución

Trátase da primeira vez que se leva a cabo o proxecto.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2020](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

- “Aprendizaje-servicio en el Grado en Gestión Digital de Información y Documentación”  
<https://humanidades.udc.es/novas/eventos/761-aprendizaje-servicio-en-el-grado-en-gesti%C3%B3n-digital-de-informaci%C3%B3n-y-documentaci%C3%B3n>
- “En el Grado en Gestión Digital de Información y Documentación se aprende a crear sitios web”  
<https://twitter.com/FacultadeHyD/status/1277528160775688198>
- “La Asociación Vecinal de Canido estrena página”  
[https://www.cope.es/emisoras/galicia/a-coruna-provincia/ferrol/ferrol-ocio-y-cultura/noticias/asociacion-vecinal-canido-estrena-pagina-web-20200613\\_766630](https://www.cope.es/emisoras/galicia/a-coruna-provincia/ferrol/ferrol-ocio-y-cultura/noticias/asociacion-vecinal-canido-estrena-pagina-web-20200613_766630)

19.

Inclusión da  
estimulación eléctrica  
transcutánea no  
tratamento do  
estrinximento crónico  
das persoas maiores

Convocatoria 2020

Alicia Martínez Rodríguez





## Obxectivos/resumo

Deseñouse, implementouse e avaliouese un programa de fisioterapia baseado principalmente na aplicación transcutánea de corrente interferencial, á cal se acompañou da realización de exercicios abdominais e dunha reeducación do padrón respiratorio, así como de medidas educativas para o tratamento do estrinximento crónico en persoas maiores do centro de día Vitalia da Coruña.

O obxectivo, para as persoas participantes, foi mellorar o estrinximento crónico en relación coa súa sintomatoloxía, funcionalidade e calidade de vida. O obxectivo para a alumna foi culminar a adquisición das competencias do Máster en Discapacidade e Dependencia. O programa deseñouse con base na evidencia dispoñible e aplicouse adaptándoo á poboación e ás circunstancias contextuais, cun total de 10 sesións en 5 semanas, ademais das sesións de avaliación.

O programa, amais de servir para a alumna adquirir as competencias precisas, logrou diminuír a severidade do estrinximento, o esforzo e a dor defecatoria, así como mellorar a frecuencia e a consistencia das deposicións, e a calidade de vida das participantes. Prolongar a intervención ou incorporala como ferramenta do servizo de fisioterapia do centro permitiría incrementar a súa utilidade, pero a crise sanitaria impediu o desenvolvemento desta faceta.

- Centro de día Vitalia, A Coruña

Entidade colaboradora



- 11 pacientes valoradas polos servizos médicos do centro; 5 finalmente incluídas no proxecto

Destinatarias



- 1 estudante

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

Deseñar, adaptar, aplicar e avaliar unha intervención de fisioterapia integral dirixida a aliviar a dor abdominal, a incidencia e a severidade do estrinximento; mellorar a frecuencia defecatoria e consistencia das feces; e mellorar a calidade de vida. Neste sentido, as aprendizaxes requiridas oriéntanse aos seguintes aspectos:

- Identificar a evidencia dispoñible mediante unha busca bibliográfica sobre o uso de correntes de media e baixa frecuencia no tratamento do estrinximento primario e secundario.
- Sintetizar a evidencia dispoñible para o deseño dun programa integral de combinación da corrente interferencial con medidas máis activas, como a reeducación do padrón e o ritmo de respiración diafragmática-abdominal e a activación da musculatura abdominal.
- Colaborar dentro dun equipo interdisciplinar para valorar as necesidades e características específicas da poboación diana e adaptar a estas un programa de intervención.
- Dirixir e executar o programa deseñado en condicións de efectividade e seguridade para a poboación maior a que se dirixe.
- Identificar as limitacións e dificultades que supón a posta en marcha dunha actividade de aprendizaxe e servizo neste colectivo.
- Extraer os principais resultados a través dos instrumentos de medida recollidos e reflexionar respecto deles en referencia ao antes e despois da intervención.
- Efectuar unha análise reflexiva sobre o proceso de aprendizaxe e servizo á comunidade a partir da experiencia vivida.

# Desenvolvemento

**Fase inicial:** establecemento da evidencia. Fíxose unha busca bibliográfica sobre a eficacia das correntes de baixa e media frecuencia en persoas con estrinximento primario e secundario, para o que se actualizou unha busca previa levada a cabo pola mesma alumna no curso anterior para o traballo de fin de grao en Fisioterapia. Realizouse nas bases de datos de PEDro, Pubmed, Biblioteca Cochrane, Scopus, Cinahl e DARE, desde a data da última busca en marzo 2019 ata a última actualización o 31 de marzo de 2020.

Ademais, incorporouse evidencia sobre outras técnicas para o tratamento de fisioterapia en pacientes con estrinximento, basicamente exercicios diafragmáticos e abdominais, acompañados de pautas educativas.

**Fase preoperativa:** contactouse co centro Vitalia da Coruña. Con base na evidencia dispoñible, deseñouse un programa destinada á mellora do cadro de estrinximento crónico en relación coa súa sintomatoloxía, funcionalidade e calidade de vida en persoas maiores, cos seguintes obxectivos específicos:

- Mellorar o coñecemento sobre as pautas de autoxestión do estrinximento.
- Diminuír a dor durante a defecación.

- Aumentar a frecuencia de defecación.
- Mellorar a consistencia das feces.
- Mellorar a severidade do estrinximento.
- Mellorar o padrón respiratorio cara a un control diafragmático-abdominal de respiración máis lenta.
- Conseguir unha correcta activación da musculatura abdominal, especialmente do transversal do abdome.
- Mellorar a calidade de vida relacionada co estrinximento.
- Comprobar a seguridade da intervención.

Redactouse unha carta informativa para enviar ás familias das persoas usuarias preseleccionadas polo centro polas súas condicións de saúde, na que se informaba brevemente da intervención en que estaban convidados/as a participar. Finalmente, o 22 de xaneiro de 2020 subscribiuse o convenio co centro e enviouse o consentimento informado para ser asinado polas persoas participantes interesadas.

**Fase de implementación:** a selección das posibles participantes fíxose en colaboración coa médica responsable do departamento médico do centro. Dirixiuse ás persoas usuarias de 60 anos con problemas de estrinximento crónico (definido segundo a escala Roma IV) sen unha enfermidade directamente vinculada ao tracto dixestivo que o ocasione, como a enfermidade de Crohn, a colite ulcerosa ou o colon irritable. Outro requisito foi que asistisen con regularidade ao centro e que se encontrasen cun nivel cognitivo adecuado, a xuízo das persoas responsables do centro.

Das 11 persoas usuarias inicialmente interesadas en participar, descartáronse seis polas seguintes causas: tres doentes non cumprían cos criterios da escala ROMA IV, dous presentaban colon irritable e outro sufrira unha caída recente con fractura vertebral, polo que non podía acudir ao centro.

Efectuáronse 10 sesións cunha frecuencia de 2 por semana. Na primeira sesión de tratamento aplicouse electroterapia (correntes interferenciais) de forma illada, para que a persoa doente se acostumase á corrente. Nas seguintes sesións foron introducíndose as respiracións diafragmático-abdominais e os exercicios abdominais progresivamente. Antes da estimulación, en cada sesión de tratamento fanse 3 medicións da frecuencia cardíaca (FC) preestimulación.

Aos 15 minutos de intervención e cando remataba a corrente volvíase medir a FC, tanto para garantir a seguridade da aplicación como para comprobar se diminuía. A partir da primeira sesión, como notamos, incorpórase a reeducación do padrón respiratorio, na procura dunha respiración diafragmática abdominal con toma a nivel do ángulo epigástrico. Emprégase un modo respiratorio nasobucal e evítanse movementos compensatorios do tórax superior, a hiperlordose e a actuación de musculatura accesoria do colo e os membros superiores. A partir da segunda e ata chegar á 10.<sup>a</sup> sesión, engádense aos anteriores exercicios da musculatura abdominal coa axuda dunha *theraband*, particularmente o exercicio de Pilates *spine twist*; préstase especial atención á respiración durante a execución.

Durante as intervencións, proporcionáse tamén ás persoas usuarias pautas educativas e condutuais para o manexo do estrinximento. En liñas xerais, estas consistiron en formación acerca do tránsito intestinal normal, os tipos de estrinximento e as medidas xerais que se poden tomar, como a importancia da fibra dietética, a hidratación e a actividade física.

Ademais, recomendouse buscar a regularidade horaria e explicouse cal é a postura óptima durante a defecación (lixeira inclinación anterior do tronco cunha pequena elevación dos pés mediante o uso dun tallo ou obxecto similar). Insistiuse en prescindir de facer unha forza excesiva durante a defecación, para evitar así posibles desordes do solo pelviano; cómpre centrarse no uso dunha respiración lenta prolongada ante o desexo defecatorio.

**Fase de análise e difusión:** a análise realízase ao finalizar o traballo e a súa difusión queda limitada polo inicio da pandemia. Diríxese así simplemente á elaboración do TFM e á remisión dos resultados ao Centro Vitalia para o seu coñecemento e análise.

## Avaliación

Da aprendizaxe: leváronse a cabo reunións continuadas entre alumna e titora e coa responsable do centro para coñecer as prioridades deste, contextualizar o programa para adaptalo ás necesidades e rutinas do centro, coordinarse co equipo interdisciplinar e facer un seguimento do desenvolvemento do programa. Así mesmo, realizouse unha valoración numérica por parte da titora e do tribunal de avaliación dos TFM.

Do programa: a todas as persoas finalmente destinatarias fíxoselles unha valoración previa. Unha vez finalizadas as sesións programadas, houbo unha valoración final e comparáronse os resultados pre e postaplicación inmediata da terapia.

A valoración inicial feita na primeira sesión consta da avaliación da carga fecal mediante unha palpación abdominal; do test de activación do transversa do abdome e da identificación do padrón respiratorio. Proporcionóuselles ás usuarias o cuestionario PAC-QOL sobre a valoración da calidade de vida relacionada co estrinximento e a escala Wexner de gravidade deste fenómeno. Consideráronse a escala ROMA IV, a escala Bristol e a escala EVA para a dor durante a defecación e no momento actual. Tamén se lles pediu que rexistrasen un diario intestinal durante 7 días.

En cada unha das sesións destinadas á terapia efectuouse unha medición da FC previa, a FC aos 15 minutos e a FC á finalización da electroestimulación. Ademais, no ecuador da intervención (5.ª sesión) valorouse as persoas que se estaba a tratar coa escala PAC-QOL.

Na avaliación final, na 12.ª sesión, realízanse de novo as probas iniciais e pásanse todos os cuestionarios, máis un cuestionario de satisfacción e sobre os cambios percibidos.

## Evolución

Trátase da primeira vez que se leva a cabo o proxecto.

## Resultados

Malia as limitacións na aplicabilidade da intervención (amplitude de corrente e temporalización), obsérvase unha tendencia positiva á mellora do estrinximento en variables subxectivas na maioría das persoas maiores participantes. Porén, este traballo vai orientado a cubrir unha necesidade educativa e social e a avaliar a súa implementación en condicións reais, polo que a capacidade para dilucidar a efectividade da técnica neste colectivo é insuficiente, e consta de carencias metodolóxicas (como a mostra escasa e heteroxénea, a ausencia de grupo control ou a falla de medicións obxectivas do estrinximento).

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2020](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

20.

Práctica de  
curtametraxes de  
ficción audiovisual coa  
Asociación Down  
Coruña

Convocatoria 2020

Teresa Nozal Cantarero

Sandra Martínez Costa



## Obxectivos/resumo

Na materia de Ficción Audiovisual, o alumnado do 2.º curso do grao en Comunicación Audiovisual (Facultade de Ciencias da Comunicación) fixo como práctica en grupos tres curtametraxes de ficción en colaboración coa Asociación Down Coruña.

A finalidade deste servizo, ademais do beneficio para a integración das persoas participantes, era dar visibilidade ás persoas asociadas, e “normalizalas”, a través de produtos audiovisuais que puidesen difundirse con facilidade. A actividade, que en anos anteriores levara a cabo a propia Asociación Down Coruña, quedara suspendida pola imposibilidade económica e de tempo.

O tipo de exercicio, unha curta de ficción, foi formulado pola responsable da materia. A temática concreta da práctica xurdiu, desde o inicio, por proposta da Asociación Down Coruña. Desde xuño de 2019 traballamos conxuntamente na planificación e posta en marcha da práctica, así como en todos os procedementos e as infraestruturas que cumpriron para levala a cabo.

- Asociación Down Coruña

Entidade  
colaboradora



- Sociedade en xeral, en especial a contorna da Coruña

Destinatarias



- 35 estudantes

Participantes





## Aprendizaxe + servizos

Contribución do proxecto á adquisición das competencias específicas, xerais e transversais asignadas á materia en que se enmarca o proxecto (poden consultarse na correspondente guía docente).

## Avaliación

Este traballo supoñía a obtención dun máximo de 2,5 puntos no total da nota do estudantado, establecida sobre 10. Esta puntuación estivo suxeita á entrega dun vídeo final e dunha memoria executiva cuxo esquema fora preestablecido pola profesora.

## Resultados

A aprendizaxe de todos os grupos de interese foi evidente, ao igual que a súa satisfacción final.


Participaron 35 estudantes da Facultade de Ciencias da Comunicación da UDC e, de modo directo, 11 membros da Asociación Down Coruña. De modo indirecto tamén participaron as familias (en contacto cos equipos de produción das curtas), e estaba previsto que tamén participase o resto de membros da Asociación na estrea e a difusión das curtas. Igualmente houbo participación directa do coordinador da Asociación Down Coruña.

# Evolución

Trátase da primeira vez que se leva a cabo o proxecto.


## + información

[Web da Asociación Down Coruña](http://www.downcoruna.org)



Agenda | Eventos, Ferias e Exposicións | COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL | DOWN CORUÑA | FORO | DOWN CORUÑA

### NUESTRA VIVIENDA: UN PLATÓ PARA REIVINDICAR Y QUITAR ETIQUETAS



Este curso cumplimos 10 años de nuestro primer cortometraje "DICEN"

Desde hace unas semanas, estamos realizando un proyecto con el Grado de Comunicación Audiovisual y algunas de nuestras socias y socios.


Es otro de los proyectos derivados del Encuentro de Jóvenes, en el que, a la presentación de nuestro 9 corto asistió Teresa Nozal, profesora de esta facultad.

Ella nos planteó que sus alumnos podrían hacer un proyecto de cortometraje de ficción, nosotros un guión base y el plató: NUESTRA VIVIENDA

En total 36 estudiantes y 9 socias y socios de nuestra entidad están recreando realidades en vivienda que hoy son ficción y mañana quien sabe.

Como es marca de la casa, el toque reivindicativo estará presente, así como el juego de dar vuelta a las etiquetas y roles erróneamente asumidos.

Esta nueva iniciativa y el proyecto del Taller de Cortos en Nocturnia (el programa de ocio alternativo y saludable para jóvenes del Concello de A Coruña) son 2 de los 3 proyectos que conmemoran los 10 años del Dicen.



¿El tercer proyecto? Seguid atentos, pronto seréis informados

# 21.

## Aprendizaxe e servizo nas prácticas curriculares do grao en Socioloxía: unha experiencia na ONGD Ecos do Sur

Convocatoria 2020

Ariadna Rodríguez Teijeiro  
Laura Román Masedo  
Raimundo Otero Enríquez



## Obxectivos/resumo

Trátase dunha actividade de aprendizaxe e servizo que se enmarca no Prácticum do grao en Socioloxía e se leva a cabo nun centro de referencia de nivel nacional como é a ONGD Ecos do Sur. O estudiantado implicado na actividade tivo a oportunidade de participar nun proxecto onde a adquisición de coñecementos e competencias o levou a mellorar notablemente a súa capacitación profesional e tamén humana. De feito, este proxecto de aprendizaxe e servizo supuxo a xeración dun espazo de reflexión, achegamento e inmersión do estudiantado nunha realidade sociolóxica moi intensa, ao se trataren de primeira man e *in situ* diferentes problemáticas de índole social relacionadas coa pobreza, a saúde e o benestar, a igualdade de xénero, o dereito ao traballo e a redución das desigualdades (ODS 1, 3, 5, 8 e 10).

- ONGD Ecos do Sur

Entidade  
colaboradora



- 550

Destinatarias



- 2 estudantes

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

Contribución do proxecto á adquisición das competencias específicas, xerais e transversais asignadas á materia do Prácticum en que se enmarca e que figuran na guía docente.

Por outra banda, a elaboración de informes, a análise de datos e a realización dun proxecto social permitiron obter unha mellora substancial das capacidades e competencias do estudantado, por ser tarefas que teñen unha estreita relación e, sobre todo, continuidade co aprendido durante o grao.

Aínda que a actividade da entidade ten un carácter claramente interdisciplinar, os coñecementos aprendidos, por parte dos estudantes, no ámbito aplicado da socioloxía son moi amplos e valiosos.

## Desenvolvemento

Durante o desenvolvemento das actividades asociadas ao proxecto, estiveron implicadas as tres persoas coordinadoras do Prácticum, que levaron a cabo as tarefas específicas de titorización académica do estudantado e elaboración da memoria de solicitude de recoñecemento da aprendizaxe e servizo; así como de supervisión das memorias do estudantado e elaboración da memoria de solicitude de recoñecemento da aprendizaxe e servizo.

Logo de definir os ámbitos específicos de interese para os dous estudantes implicados no proxecto, as actividades desenvolvidas na entidade enmarcáronse en cinco tipoloxías:

1. Elaboración de informes.
2. Análise de fontes secundarias.
3. Programas de formación e prestación de servizos da entidade.
4. Acollida e trato coas persoas usuarias.
5. Diferentes tarefas de xestión. Parte destas leváronse a cabo a través do teletraballo (durante o período de confinamento por mor da pandemia) que non impediu manter, non obstante, un contacto permanente co centro a través de reunións diarias entre as e os compañeiros e co titor profesional asignado.

## Avaliación

O sistema de avaliación e seguimento dos coñecementos adquiridos polo alumnado durante a experiencia de aprendizaxe e servizo baseouse en tres piares fundamentais: (a) a titorización académica por parte do profesorado coordinador da materia a través de consultas de seguimento periódicas; (b) a titorización profesional por parte da persoa asignada polo centro (neste caso, o propio director); e (3) a avaliación dos resultados a partir da revisión das memorias de prácticas presentadas polos estudantes, que acadaron unha cualificación de sobresaliente nos dous casos.

Así mesmo, tívose en conta a valoración do titor profesional sobre o desenvolvemento das actividades, o nivel de esforzo e a implicación do estudiantado.

## Resultados

Canto aos resultados de aprendizaxe acadados polo estudiantado, foron os seguintes:

- Coñecementos e habilidades para expor e desenvolver unha investigación aplicada nas diferentes áreas da sociedade.

- Capacidade para contribuír ao deseño de políticas públicas orientadas a abordar problemas sociais.
- Coñecementos e habilidades na procura de información secundaria nas diferentes fontes (institucións oficiais, bibliotecas, Internet etc.).
- Capacidade para avaliar proxectos de políticas públicas e de intervención social, así como os seus resultados.
- Capacidade para definir, localizar e contactar a poboación obxecto de integración social.
- Capacidade para identificar e medir factores de vulnerabilidade social e procesos conflictivos.
- Habilidades en xestión e organización das persoas e das redes sociais que participan en proxectos colectivos.
- Saber elixir as técnicas de investigación social (cuantitativas e cualitativas) pertinentes en cada momento.
- Habilidades para o desenvolvemento dos recursos humanos nas organizacións.
- Capacidade para establecer, programar e executar programas e proxectos de intervención social.

## Evolución

Trátase da primeira vez que se leva a cabo o proxecto



## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2020](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

A experiencia da aprendizaxe e servizo transformouse en avances de índole académica e profesional para o alumnado implicado no proxecto. O uso de ferramentas prácticas de grande utilidade como programas de tratamento de datos e programas de deseño gráfico, así como o de ferramentas e novas metodoloxías que aplicar no campo da socioloxía e, en concreto, na formulación de proxectos de intervención social, repercutiron, sen dúbida, na súa capacitación profesional.

De igual maneira, a intervención supuxo unha mellora substancial na forma de traballar en equipo e na capacidade de trato coas persoas usuarias (linguaxe adecuada, discursos e modos de trasladar a información, xestión de actitudes e comportamentos, así como a inmersión en diferentes problemáticas sociais de gran calado etc.).

22.

A xestión da avés  
asiática nunha  
administración local  
(Concello de Oleiros,  
A Coruña)

Convocatoria 2020

M.<sup>a</sup> José Servia García

José Antonio Cortés Vázquez

3 SAÍDE  
E BENESTAR



4 EDUCACIÓN  
DE CALIDADE



15 VIDA  
DE ECOSISTEMAS  
TERRESTRES



17 ALIANZAS PARA  
LOGRA-LOS  
OBJECTIVOS





## Obxectivos/resumo

O Servizo de Emerxencias de Protección Civil (SMEPC) do Concello de Oleiros, que é municipio colaborador no programa de xestión da Xunta de Galicia, leva a se encargar da retirada de niños de avespa asiática (*Vespa velutina*) desde o ano 2015 ata a actualidade. Tal e como reflicten as súas memorias de actividade, dispoñibles na páxina web do Concello, esta converteuse na súa actividade principal (ata o 70% do total de actividades anuais nalgún dos anos), o que ten consumido unha cantidade moi importante de recursos económicos e tempo de traballo dos axentes.

Os niños de avespa retirados son aqueles localizados en Oleiros cuxa eliminación é solicitada por parte de calquera cidadán, polo que as actitudes, crenzas e coñecementos da poboación local respecto desta avespa invasora xogan un papel fundamental na súa xestión. Por iso, o obxectivo principal deste traballo, acordado con representantes do Concello de Oleiros, consistiu en analizar de forma crítica a xestión desta invasión por parte do SMEPC mediante o exame dos datos das actividades desenvolvidas, así como o papel da poboación nesta problemática e a relación entre o SMEPC e as persoas habitantes de Oleiros.

A devandita análise permitiu estimar o custo económico das actividades; e detectar, como punto forte, unha mellora na eficiencia dos procedementos realizados polo SMEPC ao longo destes anos, malia que tamén un certo descoñecemento sobre a especie entre a poboación local así como deficiencias na comunicación entre o SMEPC e as persoas habitantes de Oleiros. Por isto, recoméndouse ao Concello investir máis recursos en labores de formación e comunicación, xa que poden contribuír grandemente a incrementar a eficiencia do servizo.



- Concello de Oleiros

Entidade colaboradora



- 1 estudante

Participantes



- De xeito directo, toda a corporación municipal de Oleiros (21 concelleiros/as) e o persoal do Concello, especialmente do Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil (10 axentes e ao redor de 20 voluntarios/as).
- De xeito indirecto, as persoas habitantes do Concello de Oleiros (35.000 persoas).

Destinatarias



## Aprendizaxe + servizos

A experiencia APS contribuíu á adquisición das competencias específicas, xerais e transversais asignadas á materia en que se enmarca o proxecto (figuran na correspondente guía docente). Ademais, permitiulle á alumna explorar a dimensión social dun problema ambiental, aspecto moi valioso para calquera estudante de mestrado.



## Desenvolvemento

- FASE 1:** entrevista inicial e discusión do tema do TFM coa alumna.
- FASE 2:** coordinación coa entidade receptora do servizo.
- FASE 3:** realización de entrevistas ao coordinador e os axentes do SMEPC de Oleiros.
- FASE 4:** realización de entrevistas á poboación local.
- FASE 5:** reflexión.
- FASE 6:** avaliación.
- FASE 7:** implementación.

## Avaliación

A avaliación da alumna e do proxecto levouse a cabo mediante un seguimento persoal dos avances. Neste seguimento contouse coa colaboración do coordinador do SMEPC de Oleiros, J. M. Suárez, e de membros da corporación municipal. O TFM producido pola alumna foi avaliado segundo a rúbrica establecida na titulación correspondente (Máster Interuniversitario en Biodiversidade Terrestre).

## Resultados

A alumna contou coa colaboración de 9 axentes do SMEPC de Oleiros (entre eles, o coordinador), que se prestaron a ser entrevistados para o traballo. Ademais, entrevistou a 173 habitantes de Oleiros.

Este proxecto aprendizaxe e servizo resultou unha experiencia moi valiosa e gratificante para a alumna, que valorou especialmente que o traballo tivese unha orientación transversal, ao permitir ofrecer unha visión o máis completa posible dun problema ambiental e social complexo. Ademais o TFM permitiu revalorizar o traballo que fai o SMEPC no deseño e a recollida de datos propios. Isto foi especialmente ben valorado polo Concello de Oleiros.

## Evolución

É a primeira vez que se leva a cabo o proxecto, que espera ter continuidade no futuro.

23.

# Economía con ciencia e conciencia: fomentando o desenvolvemento sostible

Convocatoria 2020

Laura Varela Candamio



## Obxectivos/resumo

Este traballo presenta unha proposta innovadora baseada en dúas actividades concretas: por unha banda, a impartición de obradoiros sobre economía doméstica e consumo responsable en diferentes ONG e asociacións locais; e, pola outra, a realización de programas de radio semanais emitidos nunha emisora local (Radio Filispim) sobre diferentes enfoques das economías heterodoxas. En ambos os casos, as metodoloxías utilizadas foron a aprendizaxe colaborativa e a aprendizaxe e servizo.

Neste proxecto participan estudantes pregraduados da materia de Fundamentos de Economía, encargados tanto da elaboración do programa de contidos como da busca e preparación dos diversos materiais e temáticas.

Como aprendizaxe, o estudiantado universitario desenvolveu un pensamento diverxente que favorece, primeiro, a aparición de novas ideas inseridas dentro do pensamento económico actual, así como un xuízo crítico sobre elas; e, segundo, a promoción da creatividade baixo a formulación de respostas que promovan entre o alumnado competencias tales como a autonomía persoal, o traballo en grupo, a expresión oral e escrita, e o fomento do respecto á diversidade de opinións.

En materia de servizo á comunidade, favoreceuse o desenvolvemento dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria.

Como resultado, este proceso de aprendizaxe e servizo permite construír unha sociedade capaz de diagnosticar problemas económicos, analizar a realidade da súa contorna e formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao benestar social.



- Cáritas (Ferrol)
- Fundación ADRA
- Asociación Veciñal de Canido
- Asociación Sociocultural Muíño do Vento (Radio Filispim)

Entidades colaboradoras



- 103

Destinatarias



- 57 estudantes

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

Contribución do proxecto á adquisición das competencias específicas, xerais e transversais asignadas á materia en que se enmarca o proxecto (figuran na respectiva guía docente).

## Desenvolvemento

O desenvolvemento de todo proxecto de aprendizaxe e servizo comprende tres etapas básicas: preparación, realización e avaliación.



## Avaliación

- a) Aprendizaxe colaborativa.
- b) Traballo tutelado.
- c) Aprendizaxe e servizo.

Dado que o desenvolvemento destas actividades forma parte dun proceso continuo de aprendizaxe colaborativa, a guía docente da materia establece unha cualificación do 30% da nota final para todo o proceso

## Resultados

Do total de alumnado da materia (64 estudantes) optaron voluntariamente polo proxecto de aprendizaxe e servizo 57, o que representa unha taxa de participación do 89%. A alternativa a esta actividade de avaliación era a realización dun traballo tutelado con exposición oral na clase.

## Evolución

É a primeira vez que se leva a cabo o proxecto.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2020](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.



24.

Programa de  
seguimento de  
bolboretas no Campus  
de Elviña

Convocatoria 2020

Marta Vila Taboada





## Obxectivos/resumo

O presente proxecto APS conxuga ciencia cidadá e investigación profesional. BMS-España é un programa de seguimento de bolboretas implementado en España en 2014 co gallo de ser unha ferramenta de diagnóstico para as bolboretas do noso país e os seus hábitats. A través da monitorización periódica realizada por voluntarios/as, científicos/as profesionais estudan tendencias demográficas, cambios fenolóxicos e o estado de conservación das diferentes especies. O funcionamento do programa baséase en deseñar un percorrido de 1-2 km que se lle asigna a unha persoa voluntaria. Esta persoa terá que visitalo un mínimo de 10 veces entre marzo e setembro, contabilizando os espécimes presentes de cada especie de bolboreta. Estes censos utilizan a metodoloxía dos transectos e seguen o protocolo establecido para BMS-España: (<https://butterflymonitoring.net/es>). Isto supón a captura eventual de exemplares para a súa identificación cunha manga entomolóxica, sendo posteriormente liberados sen producirles dano algún aos animais. Os resultados de cada visita sóbense á plataforma habilitada por eBMS que subministra datos para a elaboración de indicadores de cambio a nivel europeo por investigadores/as profesionais.

En Galicia hai actualmente 12 transectos activos, que se coordinan desde a sección "BMS-Galicia". Un deles creouse no ano 2018 no Campus de Elviña e recibe o nome de "Lagar de Elviña", mais o naturalista que o iniciou non podía continualo. É aí cando a docente responsable deste proxecto APS decide ofertar un TFG no que o alumnado de último curso do Grao en Bioloxía se entrene no recoñecemento de visu de bolboretas no mes de setembro e realice o transecto entre marzo e xuño do seguinte ano. Ademais, a identificación taxonómica de certas especies require traballo de laboratorio (disección da xenitalia masculina e/ou barcoding molecular), polo que BMS-Galicia solicitou enviar algunhas mostras cada ano á docente responsable para a súa determinación. Esta segunda faceta acae moi ben como actividade de TFG no Grao en Bioloxía e o seu custo é asumible. Nesta primeira edición do proxecto APS "Programa de seguimento de bolboretas no Lagar de Elviña" redefiniuse o transecto inicialmente proposto, realizáronse catro censos (non sendo máis por mor do confinamento) e identificáronse catro individuos do xénero *Hipparchia* (*Nymphalidae*, *Satyrinae*) enviados por BMS-Galicia desde o transecto de Cortegada (Parque Nacional das Illas Atlánticas) como *Hipparchia hermione* (Linnaeus, 1764).

- BMS-Galicia

Entidades  
colaboradoras



- Indeterminado

Destinatarias



- 1 estudante

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

Contribución do proxecto á adquisición das competencias específicas, xerais e transversais asignadas á materia/s nas que se enmarca o proxecto (das que figuran na/s guía/s docente/s da/s materia/s).

Esta actividade é de gran relevancia para a conservación das b olboretas e de determinados hábitats dos que elas son bioindicadoras. Os insectos en xeral, e as bolboretas en particular, sofren unha grande regresión desde hai varias décadas.

## Desenvolvemento

A docente responsable traballa en xenética de bolboretas e desde hai tempo tiña interese na implementación dun BMS en Galicia. Xa no ano 2004 mantivera unha co responsable do BMS Catalán (Dr. Constantí Stefanescu ) e cun reputado ecólogo/entomólogo da Universidade de Vigo (Dr. Adolfo Cordero) sondeando as posibilidades dun BMS en Galicia no que se censasen tamén Odonatos.

No ano 2019 decidiuse a formar parte de BMS-Galicia postulando un transecto no campus universitario, cando recibiu a sorpresa de que un doutorando do seu mesmo grupo de investigación iniciara un no campus de Elviña que, por motivos diversos, non ía continuar. Por outra banda, BMS-Galicia prantexoulle a necesidade de identificación taxonómica a nivel de especie dun número de individuos por ano. Finalmente, o ofertar un TFG anualmente con estas actividades asegura a continuidade do transecto (os meses de xullo e agosto son cubertos voluntariamente pola docente responsable). Mentres o número de exemplares enviados para identificación taxonómica non sexa excesivo, a docente responsable poderá cubrir os custos do traballo de xenética molecular coa súa financiación para a investigación. A vinculación destas actividades coas competencias da materia TFG no Grao en Bioloxía da UDC é notoria e constitúe unha iniciativa moi satisfactoria para todas as partes implicadas.

## Avaliación

- E1. Informe BMS-España 2019 no que xa se indican (páxina 10) a Miguel Carballa (alumno TFG) e Marta Vila como censadores no Lagar de Elviña retomando o traballo do Sr. Romay Cousido.
- E2. Solicitud de permiso no ano 2020 á Xunta de Galicia por parte de BMS-Galiciana que se especifica "Consolídanse Marta Vila Taboada e Miguel Carballa Fernández como censadores do transecto de Lagar de Elviña. Ademais contamos co apoio do laboratorio da Doutora Marta Vila Taboada para a identificación de especies"
- E3. Concesión de permiso por parte da Xunta de Galicia para censos no Lagar de Elviña 2020 no que se especifica a Miguel Carballa e Marta Vila como censadores no Lagar de Elviña.
- E4. TFG do alumno Miguel Carballa Fernández defendido o 30 de xuño de 2020 na Facultade de Ciencias, valorado cun 9,3 e [publicado no RUC](#)
- E5. Concesión de permiso por parte da Xunta de Galicia a varios censadores/as para captura e mostraxe dalgúns exemplares dos xéneros Melitaea (Nymphalidae) e Pyrgus (Lycaenidae) de catro transectos BMS-Galicia para a súa correcta identificación a nivel de especie. Eses espécimes serán enviados ó laboratorio da docente responsable

## Resultados

O alumno iniciou en 2020 un transecto novo perto de Cambados, onde reside. Ademais, vaise matricular no Mestrado Interuniversitario en Biodiversidade Terrestre desde a UDC e xa consultou coa coordinación do mestrado a posibilidade de realizar o seu TFM coa temática BMS (resposta afirmativa). BMS-Galicia está tamén satisfeita con este proxecto APS e desexa continuidade no futuro. Isto é constatable no propio documento de solicitude de permisos á Xunta de Galicia (evidencia E2, páxina 1) onde di: "Consólídanse Marta Vila Taboada e o alumno como censadores do transecto de Lagar de Elviña. Contamos co apoio do laboratorio da Doutora Marta Vila Taboada para a identificación de especies". BMS-Galicia convidounos a participar nas charlas divulgativas na provincia de Ourense que están a organizar para este verán de 2020. O alumno foi o gañador do 1º Premio UDC Sustentabilidade na modalidade TFG (4/xuño/2021).

## Evolución

É a primeira vez que se leva a cabo o proxecto.

### + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2020](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

25.

# Proyectos de diseño e desenvolvemento de elementos interactivos para todos e todas

Convocatoria 2020

José R. Méndez Salgueiro, Jon Solozábal  
Basáñez, Ahitor Regueiro  
Fernández, Pablo Fernández Galdo, Cristina  
Prado Acebo, Álvaro Deibe Díaz, Ana Isabel  
Ares Pernas



## Objetivos/resumo

Este proxecto ApS realizouse co estudantado das materias Deseño e Producto e Proxectos de Deseño III de terceiro curso do Grao en Enxeñería en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Producto da Escola Universitaria de Deseño Industrial (EUDI) do Campus de Esteiro (Ferrol).

O proxecto ten como obxectivo colaborar con entidades do entorno para o deseño de novos produtos, ferramentas ou calquer tipo de elemento interactivo que facilite a vida e o lecer a persoas con necesidades especiais. Polo tanto preténdese que o proxecto iniciado este ano se poida continuar en anos vindeiros cambiando o elemento interactivo.

Neste curso 2019/2020 o obxectivo principal foi deseñar novos conceptos de catamaráns, innovadores, atractivos e de carácter propio, silenciosos e non contaminantes para a práctica náutica, ecolóxica e sostible, así como de actividades de ocio en zonas de augas tranquilas, rías e áreas restrinxidas para motores de combustión, accesible e tripulable por todo tipo de público, especialmente indicado para as necesidades dxs participantes das dúas entidades colaboradoras, Asociación Sociocultural ASCM, que traballa con persoas con discapacidade (accesible e manexable dende calquer punto do barco), e a Asociación de Xordos de Ferrolterra (con sinais visuais de avaría e emerxencia).

- Asociación Sociocultural ASCM
- Asociación de Xordos de Ferrol (AXF)

Entidades colaboradoras



- Indeterminado

Destinatarias



- 86 estudantes

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

**Aprendizaxe:** Nas materias Deseño e Producto e Proxectos III desenvólense proxectos dirixidos en colaboración con empresas. No temario destas materias os bloques temáticos están orientados a todos os puntos importantes no proceso de deseño e desenvolvemento dun novo produto. Na materia Proxectos de Deseño III realízanse proxectos conceptuais de ampla complexidade neste caso a construción do catamarán. Na materia Deseño e Producto trátanse todas as fases do proceso (identidade corporativa, imaxe de empresa, envaxe e embalaxe, imaxe de marca, comunicación, etc). Colaborase con outras materias para formación en aspectos concretos (matemáticas, materiais, etc...)

O estudantado traballa durante o proxecto todas as competencias das dúas materias (específicas, xerais e transversais) como son preparar o proxecto en todas as fases, traballar en grupo, traballar con programas informáticos de deseño, preparar presentacións, defender as ideas, aprender a traballar nun entorno de traballo, medrar coma cidadáns responsables e futuros profesionais que teñan en conta a diversidade nos seus produtos.

**Servizo:** Sensibilizar aos futurxs enxeñeirxs das necesidades que podan ter as persoas con minusvalía para que deseñen os seus produtos para que sexan accesibles a todos e todas. No caso de ACSM acceder e tripular o catamarán dende calquer punto. Para a Asociación de Xordos deseñar avisos de avaría e emerxencia que substitúan aos acústicos.

## Desenvolvemento

As fases de desenvolvemento foron as seguintes:

**Fase 1:** Primeiras sesións na aula.

Presentación do proxecto e entrega ao estudantado do Pliego de Condicións (definición, obxetivos, mercado, especificacións, proceso productivo, custos, etc) que deberían cumprir. O estudantado firmou un documento no que se comprometía co proxecto e no caso que non o cumprisen (asistencia, puntualidade, prazos) estarían suspensos. Explícouse a parte teórica que o estudantado debía coñecer para iniciar o proxecto. Definiuse a planificación do proxecto e os apartados (información, desenvolvemento de conceptos, alternativa proposta, prototipo e preserie). As seguintes sesións na aula serviron para o seguimento do proxecto polo profesorado.

**Fase 2:** Primeiras semanas- Seminario coa empresa Praxxis.

A empresa explicou ao estudantado as características técnicas da súa embarcación Xouba (tomada como modelo para o proxecto) e os puntos importantes no deseño do barco segundo a conversación previa co profesorado e coas entidades.



### Fase 3: Outubro- Visita á Asociación ASCM

A presidenta da asociación explicou ao estudiantado os problemas de mobilidade das persoas usuarias, os tipos de cadeira de rodas que existían, etc. O estudiantado probou as cadeiras de rodas falando coas persoas usuarias das ventaxas e inconvintes de cada modelo.

### Fase 4: Outubro- Visita ao porto de Vilagarcía

Coñecer a embarcación Xouba de PRAXXIS sobre a que o estudiantado ía facer o deseño. A empresa participou de xeito altruista.

### Fase 5: Novembro- Visita á empresa A-02 Velas en Sada

Empresa colaboradora sen ánimo de lucro que lles permitiu ver o funcionamento dun catamarán máis grande.

### Fase 6: Novembro- Visita do profesorado á Asociación de Xordos de Ferrol

No segundo cuadrimestre cando se iniciase a parte de comunicacións e manexo universal do barco, a asociación AXF viría á universidade a explicarlles ao estudiantado os seus requerimentos. Debido á crise do COVID 19 esto non puido ser posible e o estudiantado tivo que facer o deseño coas instrucións recibidas polo profesorado nesta única reunión.

### Fase 7: Desenvolvemento do proxecto e preparación da Memoria.


Maila o problema da COVID o estudiantado tivo en conta as necesidades das persoas xordas en canto a sinalización de emerxencia accesible transmitidas polo profesorado e as necesidades de control universal transmitidas por ASCM e deseñaron unha aplicación en tablet con este fin, que non puido ser verificada na embarcación porque estaba prevista para o mes de Abril e a situación de confinamento pola COVID 19 non o fixo posible.

### Fase 8: Avaliación

## Avaliación

O 100% da nota asígnase ao proxecto ApS e as dúas materias avalíanse en conxunto. A avaliación final realizase mediante a obervación de:

- Memoria individual e de grupo do proxecto (concepto, libreta, bocetos, maqueta, paneles de presentación, documentacións tanto individual coma de grupo, planos Técnicos, resúmen, identidade corporativa).
- Presentación PPT
- Experiencias persoais (reflexións do estudiantado),
- CD/DVD de todos os documentos relacionados co proxecto.
- Presentación do proxecto na aula e nas entidades





## Resultados

Tanto o estudantado coma o profesorado quedaron moi satisfeitos cos resultados das Memorias. O 70% do estudantado e dos grupos conseguiron superar as materias.

O estudantado asistiu na súa totalidade ás visitas ás entidades e ás empresas e un 95% fíxoo a todas as titorías co profesorado polo que se pode concluir que o estudantado estivo moi implicado na parte que corresponde ás entidades e en coñecer todo o que está relacionado coas necesidades de adaptación das persoas usuarias con necesidades especiais.

Na parte das reflexións, o estudantado sinalou que:

- Como puntos febles que ao principio se sentiron abrumadxs pola dimensión do proxecto e máis aínda cando se quedaron en situación de confinamento e que teñen sufrido momentos de estrés cando tiñan que levar material para entregar nas titorías.
- Como puntos fortes: Falan moi positivamente da labor do grupo para seguir conectados, superar momentos duros e apoiarse mutuamente. Valoran o feito de traballar con colectivos con necesidades especiais xa que que é un modo de poñerse na súa pel e entender que os deseños teñen que ser para incluír a todxs. Destacan a boa acollida das entidades.

Algúns indican incluso que medraron a nivel persoal, e que maduraron durante o proxecto, xa que foron capaces de superar un reto que de inicio parecía imposible. Moitos sinalan tamén que traballar deste xeito é algo moi similar ao que encontrarán no seu futuro profesional, abordar proxectos de envergadura traballando en equipos moitas veces multidisciplinares e atendendo a necesidades específicas dos consumidores, polo que teñen que coñecer a todxs aos consumidores incluídos a aqueles con diversidade funcional.

## Evolución

É a primeira vez que se leva a cabo o proxecto.

### + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2020](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

<https://noticias-ascm.blogspot.com/2019/10/o-alumnado-da-escola-de-deseno.html>

[Los alumnos de Diseño Industrial se enfrentan a las barreras \(lavozdegalicia.es\)](http://lavozdegalicia.es)

26.

Historias de vida,  
territorio e  
vulnerabilidade.  
Cartografía emocional  
do dereito ao hábitat  
na cidade da Coruña

Convocatoria 2019

Laura Cruz López



## Obxectivos/resumo

A proposta parte dos resultados da experiencia da *Cartografía social do dereito ao hábitat na cidade da Coruña*, levada a cabo no curso académico 2017/18 por alumnado de 2.º e 3.º curso do grao en Educación Social e do Máster Universitario en Formación de Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria (itinerario de Arte).

Na triangulación da información recadada nas 67 derivas e nas entrevistas a 46 profesionais e 24 persoas en situación de vulnerabilidade, realizadas polos/as 174 estudantes implicados/as, desvélese a magnitude do problema da exclusión residencial na cidade, así como a necesidade de afondar na dimensión emocional do dereito ao hábitat.

Obxectivo xeral:

- Contribuír a mudar o estigma que acompaña ás persoas e os colectivos en situación de exclusión social, visibilizando o que nos une, neste caso, as vinculacións emocionais co territorio.

Obxectivos específicos:

- Narrar a vivencia emocional que as persoas en situación de vulnerabilidade teñen sobre a cidade da Coruña (pasado, presente e futuro).
- Trazar os seus itinerarios cotiáns dando conta do acceso e goce dos espazos políticos e recursos da cidade.
- Descubrir a cara oculta da cidade, facendo visible o invisible, o que pasa desapercibido, o que é esquecido ou ignorado; e humanizando espazos marxinados, recollendo voces silenciadas.
- Identificar os lugares comúns (espaciais e emocionais) da cidade da Coruña.

- Arquitectura sen Fronteiras
- 14 entidades sociais
- Colectivo Galicia Emocional

Entidades colaboradoras



- 71 persoas en situación de vulnerabilidade, así como tamén as 14 entidades colaboradoras, a comunidade universitaria e a cidadanía en conxunto

Destinatarias



- 68 estudantes

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

**Aprendizaxe** (sesións de aula e traballo autónomo):

A fase de aprendizaxe do proxecto centrouse en que o alumnado desenvolvese e afianzase unha serie de competencias para poder realizar a cartografía emocional, é dicir, entrevistar a persoas en situación de vulnerabilidade e construír os relatos correspondentes nos mapas de pasado, presente e futuro.

**Servizo** (Sala Cartográfica):

Independentemente de considerar que o feito de recoller os testemuños de persoas en situación de vulnerabilidade, respecto da súa vinculación emocional coa cidade, xa constitúe, en certa medida, un servizo, polo que ten de escoita, visibilización de voces silenciadas e realidades agochadas, desenvolvéronse dúas actuacións específicas en clave de servizo:

1. Envío da versión final da cartografía emocional ás entidades colaboradoras.
2. Exposición pública, baixo o formato de Sala Cartográfica, dos principais resultados do proxecto á comunidade universitaria, as entidades sociais participantes, as persoas en situación de vulnerabilidade e a cidadanía interesada.

# Desenvolvemento

- **Presentación** da proposta de aprendizaxe e servizo ao alumnado (14/09/18).
- **Formación sobre exclusión social** como proceso multidimensional e estrutural que limita o acceso, a participación e a garantía de dereitos; conceptualización do estigma social e aproximación ás realidades da prostitución, a prisión e o senfogarismo, sobre as que máis tarde se centrarán os relatos (do 18/09/18 ao 16/10/18).
- **Formación sobre cartografía emocional**, impartida polo Colectivo Galicia Emocional (26/10/28).
- **Cartografía piloto** do vínculo emocional do alumnado coa cidade e toma de contacto coas entidades (traballo autónomo do 26/10/2018 ao 02/11/2018).
- **Formación sobre entrevistas**, impartida polo Colectivo Galicia Emocional. Nela deseñouse conxuntamente o guión de preguntas e definíronse pautas para o desenvolvemento das entrevistas, o rexistro e a codificación da información, así como o uso do caderno de campo, seguindo un protocolo ético de confidencialidade (tres horas de traballo con cada grupo o 02/11/2018).

- **Realización das entrevistas e construción dos relatos** (traballo autónomo do 5/11/2018 ao 27/11/2018), logo de reunión coas entidades.
- **Laboratorio de ideas “Do mapa á acción”** impartido polo Colectivo Galicia Emocional. Nesta sesión de tres horas con cada grupo, realizada o 30/11/18, púxose en común a información recadada nas entrevistas e desenvolvéronse técnicas para traballar a creatividade dos relatos: linguaxe estética.



Técnica de creatividade




Xogo de rol (entrevistas)

- **Revisión e mellora dos relatos e do mapa no seu conxunto** extraendo reflexións xeras (do 20/11/2018 ao 12/12/18).
- **Posta en común da cartografía.** O 13/12/18 traballouse sobre os relatos e o 14/12/18 fíxose unha análise do resultado cartográfico, en que se compartiron reflexións e conclusións sobre lugares, sentimentos, valores, o que nos une e diferencia dos relatos.



Análise dos relatos para a posta en común

- **Remate da cartografía** (do 14/12/2018 ao 04/1/2019). Cada grupo, de forma autónoma, tivo que crear un cartafol no Drive onde recoller toda a documentación relacionada coas entrevistas: cadernos de campo, fotografías, consentimentos informados...



Conxunto de relatos cartografiados

## Desenvolvemento do servizo


Unha vez rematada a materia, solicitouse a colaboración voluntaria de alumnado para deseñar e dinamizar a presentación pública dos resultados da cartografía emocional. Asumiu a encarga un grupo integrado por 7 alumnas e 1 alumno de 3.º, máis un estudante de 4.º curso do grao en Educación social, bolseiro de colaboración no Departamento de Pedagogía e Didáctica.

A preparación do servizo implicou as seguintes accións, desenvolvidas de febreiro a maio de 2019:

- Revisión e escoita dos relatos para presentar (mínimo un por persoa entrevistada).
- Deseño dos paneis informativos: presentación, mapas de pasado, presente e futuro, itinerarios, infografía.
- Decoración da Sala Cartográfica.
- Deseño de dinámicas para favorecer a interacción do público coa Sala e os relatos.
- Difusión e convite a entidades e comunidade universitaria.
- Inauguración da exposición e desenvolvemento en dúas sesións, o 16 e o 22 de maio.



Compartindo as preocupacións sobre a cidade na Sala Cartográfica



Interactuando con relatos a través dos sentidos

## Avaliación

- De forma individual o alumnado cubriu unha enquisa de ideas previas (02/10/18) para obter unha liña de base con que comparar a enquisa de autoavaliación final (10/01/18).
- Ademais, avaliáronse os relatos construídos e os cadernos de campo.

## Resultados

- En total entrevistáronse 71 persoas en situación de vulnerabilidade (senfogarismo, prostitución e privación de liberdade) e construíronse 238 relatos de presente, pasado e futuro que narran as súas vivencias e vinculacións emocionais co territorio.  
O resultado é un gran mapa colaborativo e subxectivo dos afectos, que se pode consultar na [seguinte ligazón](#)
- Tendo en conta que se trata dun servizo de sensibilización, con que se pretende provocar vinculacións emocionais entre os relatos das persoas en situación de vulnerabilidade e a cidadanía, é importante considerar o número de persoas asistentes á exposición da Sala Cartográfica, así como a dinámica xerada e a interacción cos relatos.

- En total participaron 150 persoas de perfil diverso: alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos da Facultade de Ciencias da Educación; 11 das 14 entidades que colaboraron no proxecto; persoas en situación de vulnerabilidade. Todas interactuaron cos relatos a través das dinámicas xeradas: puxeron adhesivos (*gomets*) naqueles con que se sentían identificados (348 adhesivos en total); crearon novos relatos (68 en total); compartiron preocupacións sobre a cidade; e deixáronse levar polo olor, sabor e tacto para conectar emocionalmente coas historias de vida.
- O elemento máis significativo da valoración do servizo ofrecido constitúeo a avaliación das persoas participantes durante as dúas xornadas en que estivo aberta a Sala Cartografía. Solicitouse que apuntasen en papeis de notas adhesivas as súas apreciacións respecto de tres cuestións: que me gustou (51 notas), que sentín (54) e que melloraría (16). En xeral, as valoracións apuntan á consecución do obxectivo de conectar emocionalmente cos relatos doutras persoas: “Sentínme parte de todos, sentínme con todos. Vivín a cidade a través das persoas que teñen as mesmas inquietudes, os mesmos gustos, as mesmas palabras”.



- O que máis gustou foi o enfoque emocional da exposición, a posibilidade de verse reflectido/a na mirada doutras persoas, e a posibilidade de interactuar cos relatos e crear novas narrativas.
- En xeral, desenvolvéndose dúas xornadas tremendamente emotivas en que persoas de diverso perfil e en distinta situación compartimos as nosas historias de vida e preocupacións sobre o espazo que habitamos. Contribuíu non só a conectarnos emocionalmente, desde o que nos une, con persoas en risco de exclusión, esquecendo o estigma que nos distancia, senón tamén a humanizar espazos desde a proximidade do que acontece dentro dos seus límites. En palabras dun rapaz privado de liberdade: “Nunca pensei que unha exposición fose capaz de emocionarme”.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2019](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC

[Ligazón á cartografía final](#)



Valoracións da Sala Cartográfica

# Proyectos de continuidade

27.

## Obradoiro de reciclaxe e consumo responsable

Convocatoria 2020

María José Abad López

Ana Isabel Ares Pernas



4 EDUCACIÓN DE CALIDADE



10 REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES



12 PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES



17 ALIANZAS PARA LOGRAR LOS OBJETIVOS



## Obxectivos/resumo

Neste curso 2019/20, o obxectivo do proxecto foi elaborar materiais para sensibilizar as/os consumidoras/es da problemática medioambiental que produce unha mala xestión dos residuos plásticos. En concreto, centrouse no impacto dos plásticos dun só uso e en propoñer alternativas a este tipo de produtos.

Os temas foron tratados con rigor científico e neutralidade. Utilizouse un formato e unha linguaxe atractiva para a súa difusión entre a xente nova e a través das redes sociais. Contextualizouse a problemática na cidade de Ferrol, para aumentar o seu efecto na proximidade. O obxectivo fundamental foi concienciar a poboación (sobre todo a xente nova) da responsabilidade individual que temos no coidado do medio.

O alumnado participante da materia de Deseño e Procesado con Polímeros de 4.º curso do grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto, en colaboración coa entidade Xeración, elaborou distintos vídeos breves para logo difundilos ao público xeral mediante as redes sociais (YouTube etc.). O traballo dividiuse nestas dúas partes:

- Nunha primeira serie de vídeos fixéronse entrevistas a pé de rúa para coñecer a opinión da cidadanía ferrolá sobre os materiais plásticos, o seu uso, a reciclaxe etc.
- Na segunda serie, o alumnado propón alternativas ao emprego dalgúns produtos cotiáns dun só uso (bolsas de transporte, filme de cociña, produtos de hixiene feminina entre outros), ao mesmo tempo que informa sobre o impacto na natureza dunha mala xestión dos residuos xerados por estes produtos.

Unha vez rematados, os vídeos foron subidos á canle de YouTube da asociación Xeración e a distintas redes sociais. Finalmente, o estudantado involucrado no proxecto fixo unha presentación diante dos/as compañeiros/as da

EU de Deseño Industrial, onde proxectaron os vídeos e contaron a súa experiencia.

O proceso de avaliación da actividade foi mediante enquisas e entrevistas coas persoas participantes (alumnado, representantes de Xeración e profesorado implicado). O traballo do estudantado en relación coas competencias da materia foi avaliado segundo o método da rúbrica.

Como resultado o alumnado participante afondou máis nas temáticas da materia que trataron nos vídeos ca o que non tomou parte no proxecto: produtos plásticos dun só uso, reciclaxe de materiais plásticos, economía circular, impacto medioambiental dos polímeros etc.

A maiores, acadou outro tipo de competencias transversais, como mellorar a súa capacidade de comunicación en contornas non técnicas ou tomar conciencia da necesidade de avaliar a información con espírito crítico, desde unha óptica neutral e con rigor científico.

## Aprendizaxe + servizos

Durante o proxecto de aprendizaxe e servizo traballáronse as seguintes competencias específicas, transversais e xerais (que aparecen na guía docente da materia):

- A7. Capacidade para o deseño, a redacción e a dirección de proxectos en todas as súas diversidades e fases.
- B4. Traballar de forma colaborativa. Coñecer as dinámicas de grupo e o traballo en equipo.
- B10. Capacidade de organización e planificación.
- B11. Capacidade de análise e síntese.
- C4. Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
- C8. Valorar a importancia que teñen a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

- Xeración

Entidade  
colaboradora



- Público xeral accesible mediante as redes sociais

Destinatarias



- 5 estudantes

Participantes



## Desenvolvemento

O desenvolvemento da actividade comezou a primeira semana do curso 2019/20, cando se propuxo a actividade de aprendizaxe e servizo ao estudantado. Toda a información estivo á súa disposición no *Moodle* da materia.

Primeiro comunicouse a toda a clase os obxectivos principais da actividade, o seu cronograma e como ían ser a avaliación. Despois abriuse un período para que quen quixese participar, expresase o seu interese.

A actividade estaba organizada para un máximo de 5 estudantes. Como se presentaron máis voluntarios/as, foi necesario establecer un criterio de selección.

- **Semana do 10-19 de setembro:** presentación de alumnado voluntario para a actividade.
- **Titoría 1:** 20 de setembro. Obrigatoria. Descrición da actividade, definición das tarefas e selección dos grupos de traballo.
- **Visita inicial a Xeración:** 20 de setembro. Presentación da actividade.
- **Titoría 2:** 7 de outubro. Obrigatoria. Selección dos temas dos vídeos. Revisión dos materiais desenvolvidos (guións/esquemas/*storyboard*)
- **Titoría 3:** 18 de outubro. Obrigatoria. Visita a Xeración para explicar as propostas de materiais audiovisuais, guións definitivos etc. Organización do material de gravación, edición etc.
- **Data límite para enviar os materiais audiovisuais finalizados:** 15 de novembro
- **Data do evento público de presentación:** 2.ª quincena de novembro.

## Avaliación


- Reunións iniciais e visitas a Xeración.
- Enquisas de satisfacción do alumnado.
- Rúbrica de avaliación da actividade

## Resultados

Realizouse unha enquisa de satisfacción entre o alumnado, en que se obtivo un grao de satisfacción moi elevado.

Dos resultados da análise cualitativa das citas do estudantado, puido extraerse que, inicialmente, o alumnado estaba preocupado por efectuar unha actividade sobre un tema (residuos de envases plásticos dun só uso) sobre o que non tiña coñecementos técnicos previos. Tamén polo feito de ter que preparar materiais audiovisuais accesibles ao público xeral, e que este puidese situar a mensaxe no rebumbio de desinformación e noticias falsas que circulan respecto a estes temas. Tamén amosaron a súa preocupación porque o traballo realizado puidese ter influencia de verdade na xente da rúa.

RESULTADOS ENQUISAS ALUMNXS DA UDC



Unha vez feita a actividade puidéronse avaliar os seguintes resultados na aprendizaxe do estudantado:

- Mellora na capacidade de deseño, dirección e redacción de proxectos, en particular canto adaptarse ás características específicas do público obxectivo (persoas de diverso nivel cultural e, a priori, sen coñecementos técnicos específicos). O alumnado tivo que seleccionar os conceptos que tratar nos vídeos, elaborar as preguntas das enquisas que levou a cabo na rúa e preparar os materiais, tendo en conta que o perfil da persoa oínte pode ser moi diferente dunha a outra.

- Mellora na capacidade de síntese: a duración de cada vídeo estaba prefixada en 1-2 minutos, polo que as/os alumnas/os tiveron que adaptar os guións ao tempo fixado.
- Mellora da xestión do tempo e mellora na resolución de dificultades ou imprevistos que xurdiron ao longo da actividade: durante o desenvolvemento da actividade (gravación dos vídeos), o estudiantado tivo que facer fronte a imprevistos derivados de fallos na organización do grupo, temporización das tarefas, fallos de son etc .
- Mellora da capacidade para traballar en grupo e da xestión dos conflitos que poidan xurdir entre compañeiros/as.
- Mellora na expresión oral e na xestión do estrés que lles supón falar en público.
- Aumento da consciencia do alumnado da UDC sobre a necesidade da achegar á sociedade información veraz, neutral e rigorosa sobre os materiais plásticos, a súa utilidade e os seus beneficios, pero tamén sobre a necesidade de reducir e xestionar adecuadamente os residuos xerados para reducir o seu impacto medioambiental.
- Coñecer o papel, como futuros profesionais do deseño industrial, que poden xogar no desenvolvemento de produtos máis sostibles e con menor impacto medioambiental, para, con iso, favorecer un consumo responsable e a protección do medio.
- Mellora na súa educación medioambiental e da responsabilidade individual no coidado do medio



# Evolución

A actividade realízase desde o curso 2015/16, mais este ano propuxéronse varias innovacións.

- Por unha banda, cambiouse a entidade participante e comezouse a traballar con Xeración, unha entidade enfocada á xente nova.
- Pola outra, tamén mudou o perfil das persoas usuarias do obradoiro, esta vez público que se informa a través das redes sociais, maioritariamente xente nova, e que necesita a información nun formato áxil, visualmente atractivo e en “pílulas” de curta duración, velaí que se elixise o formato de vídeo curto.
- Por último, substituíuse a parte do obradoiro dedicada á reciclaxe de materiais plásticos, por suxestións para reducir o consumo destes elementos, e, por tanto, reducir os residuos xerados.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2020](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

Vídeo	Ligazón
Son os plásticos malos para o medio ambiente?	<a href="https://www.youtube.com/watch?v=zzcnLQDX2Sw">https://www.youtube.com/watch?v=zzcnLQDX2Sw</a>
Son realmente necesarios os plásticos?	<a href="https://www.youtube.com/watch?v=whNzBUYvqCI">https://www.youtube.com/watch?v=whNzBUYvqCI</a>
Que teñen en común estes obxectos?	<a href="https://www.youtube.com/watch?v=xQ7yIPS3IPQ">https://www.youtube.com/watch?v=xQ7yIPS3IPQ</a>
Cales destes plásticos tardan máis en descompoñerse?	<a href="https://www.youtube.com/channel/UCDCuKAmv-sCwBxTDwpy_ggw/videos">https://www.youtube.com/channel/UCDCuKAmv-sCwBxTDwpy_ggw/videos</a>
Solucións (1ª. parte)	<a href="https://www.youtube.com/channel/UCDCuKAmv-sCwBxTDwpy_ggw/videos">https://www.youtube.com/channel/UCDCuKAmv-sCwBxTDwpy_ggw/videos</a>
Solucións (2.ª parte)	<a href="https://www.youtube.com/channel/UCDCuKAmv-sCwBxTDwpy_ggw/videos">https://www.youtube.com/channel/UCDCuKAmv-sCwBxTDwpy_ggw/videos</a>
Por un baño sen lixo!	<a href="https://www.youtube.com/watch?v=6ghalfDGARI">https://www.youtube.com/watch?v=6ghalfDGARI</a>
Acabemos, dunha vez por todas, coas pallas	<a href="https://www.youtube.com/watch?v=-vpfjYNr4QI">https://www.youtube.com/watch?v=-vpfjYNr4QI</a>
Como acabar coas botellas e bolsas de plástico?	<a href="https://www.youtube.com/watch?v=uZmhW7erWRM">https://www.youtube.com/watch?v=uZmhW7erWRM</a>
Reducindo o plástico no baño e na cociña	<a href="https://www.youtube.com/watch?v=hGf3UPWmwUY">https://www.youtube.com/watch?v=hGf3UPWmwUY</a>

28.

## Aprende física e divértete

Convocatoria 2020

Ana Isabel Ares Pernas

María José Abad López

Goretti Arias Ferreiro



4 EDUCACIÓN DE CALIDADE



10 REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES



12 PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES



17 ALIANZAS PARA LOGRA-LOS OBXECTIVOS

## Obxectivos/resumo

Este proxecto de aprendizaxe e servizo realizouse con estudantes da materia Fundamentos de Física, do 1.º curso do grao en Enxeñería de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto da Escola Universitaria de Deseño Industrial da UDC (campus de Ferrol) coa colaboración de 5 entidades que atenden persoas con discapacidade funcional ou en risco de exclusión social.

Con cada unha das entidades efectuouse unha experiencia adaptada ás necesidades dos seus participantes e relacionada cos contidos da materia (física e materiais, sobre todo plásticos, e a súa reciclaxe) e coas competencias asociadas á súa parte práctica .

Con Cáritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol (CÁRITAS), o servizo atinxiu dous colectivos desfavorecidos: menores e adolescentes en risco de exclusión social e persoas adultas sen fogar. No primeiro caso, o obxectivo era fomentar o gusto pola ciencia a través de obradoiros de física e reciclaxe; e no segundo, dar formación para a procura de emprego e tamén favorecer as relacións sociais.

Coa entidade Saúde Mental, Ferrol, Eume e Ortegá (AFAES) o servizo destinouse a persoas con enfermidade mental, fundamentalmente esquizofrenia.

O obxectivo era sacar estas persoas da rutina e fomentar as relacións sociais con persoas alleas á entidade a través da realización dunha feira científica. Cabe destacar que moitos destes participantes enfermaron despois de ter unha formación técnica, polo que a idea dunha feira científica os motivou moito, á parte de por ser moi diferente ás actividades que desenvolven a cotío nos obradoiros ocupacionais

Na entidade Alzheimer Ferrolterra (AFAL), o alumnado prestou servizo a doentes de alzheimer con actividades para fomentar o uso da memoria, a psicomotricidade e as relacións a través de obradoiros de reciclaxe e reutilización.

No caso de Teima Down Ferrol (TEIMA) o alumnado traballou con persoas con síndrome de Down mediante a realización de experiencias de física e reciclaxe, para fomentar deste xeito as relacións sociais, que é unha necesidade amplamente demandada neste colectivo.

Por último, para a entidade Asociación de Pais de Nenos e Nenas con Problemas Psico-Sociais (ASPANEPS) o estudantado preparou distintos experimentos de física e reciclaxe co obxectivo de fomentar as relacións sociais con persoas alleas ao centro, amais de, no caso da reciclaxe, darlles formación para abrir unha nova liña de traballo sobre reciclaxe e reutilización de materiais plásticos no centro, que actualmente se dedica á serigrafía, o cultivo e a traballos de encadernación.

- Cáritas Diocesana Mondoñedo (Ferrol)
- AFAES
- AFAL
- TEIMA
- ASPANEPS

Entidades colaboradoras



- 120 persoas usuarias

Destinatarias



- 71 estudantes

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

Competencias específicas:

- Traballar de forma efectiva como individuo e como membro de equipos diversos e multidisciplinares.
- Capacidade para o deseño, a redacción e a dirección de proxectos en todas as súas diversidades e fases.

Competencias xerais:

- Traballar de forma colaborativa. Coñecer as dinámicas de grupo e o traballo en equipo.
- Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.

Competencias transversais:

- Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais de Galicia.
- Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

# Desenvolvemento

Ao non poder realizarse os obradoiros de forma presencial nos centros, enviáronse ás entidades os vídeos gravados polo alumnado cos distintos experimentos e actividades.





Figura 1. Fases de desenvolvemento das actividades ApS

# Avaliación

- Reunións iniciais e visitas ás entidades de modo presencial.
- Diarios de campo no Moodle (docentes e estudantes).
- Enquisas de satisfacción en Forms cos axentes implicados.
- Rúbrica de heteroavaliación (docentes), e coevaluación e autoavaliación (estudantes)
- Retroalimentación das entidades sobre os vídeos do alumnado.





# Resultados

ALGUNHAS COMPETENCIAS	%	ALGUNHAS CITAS
Manexo das TIC	100	
Adaptarse aos imprevistos	100	
Adaptar contidos/materiais	73	
Recoñecer as necesidades da comunidade	73	“Non pensei que organizaran tantas actividades, crin que era unha residencia na que pasar o tempo” (rapaz, 18 anos, AFAL)
Eliminar estereotipos	50	“Gustoume moito a experiencia e fíxome ver que as persoas con enfermidade mental son xente normal coa que se pode falar...” (rapaza, 19 anos, AFAES)
Aprender facendo	37	“O ter que desenvolver nós o proxecto en todos os puntos resulta moi motivador” (rapaza, 18 anos, CÁRITAS)
Empatía	37	“Cando visitamos o centro estiven cun nó na gorxa todo o tempo, como non me daba conta do que sofren estas persoas!” (rapaza, 19 anos, CÁRITAS)
Valores persoais	37	
Facer proxectos	34	
Aprender para ensinar	34	
Axudar aos demais	34	

# Evolución

O proxecto tivo os seus inicios no curso 2015/16 a través da colaboración con CÁRITAS e foi evolucionando nos anos seguintes. No curso 2016/17 incorporouse como entidade colaboradora AFAES. No 2017/18 ampliouse o proxecto coas incorporacións das entidades: Asociación de Familiares de Persoas Enfermas de Alzheimer e Outras Demencias e a Asociación Síndrome de Down TEIMA- Ferrol. No curso 2018/19 incorporouse ao proxecto a entidade Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra (AXF). E por último, no curso 2019/20 ASPANEPS.



## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2020](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

["La Escuela Universitaria de Diseño Industrial homenajea a entidades y estudiantes"](#) - *Galicia Ártabra Digital* (galiciaartabradigital.com)

["Tras enseñar Física en Cáritas, algunos alumnos se han hecho voluntarios"](#) - *La Opinión de A Coruña* (laopinioncoruna.es)

[«Íbamos a dar una lección teórica y nos fuimos con una lección de vida»](#) - *La Voz de Galicia* (lavozdegalicia.es)

["La EUDI apuesta por la unión del aprendizaje de conocimientos con el compromiso social"](#) - *Diario de Ferrol* (diariodeferrol.com)




## Publicacións:

[100 buenas prácticas de aprendizaje-servicio](#) 102342.pdf (wordpress.com) (páxina 103)

"Educando para la diversidad a futuros diseñadores industriales a través de la física". IV Congreso Mundial de Educación Educa 2021, 25-27 de febreiro de 2021.

"Formando ingenieros socialmente responsables: aprendizaje-servicio para personas sin hogar antes y durante la COVID". Aceptado para presentación no Congreso Internacional de Docencia Universitaria 2021, 14-17 de xuño de 2021.





29.

# Aprendizaxe e servizo nas prácticas curriculares do grao en Dereito

Convocatoria 2019

M.<sup>ª</sup> del Carmen Garcimartín

Xosé Manuel Carril

M.<sup>ª</sup> Rocío Quintáns



## Obxectivos/resumo

- Prestar un servizo á comunidade a través das prácticas externas do alumnado do grao en Dereito mediante un proxecto.
- Integrar o servizo de asesoramento xurídico á comunidade coa aprendizaxe de contados.
- Adquirir competencias a partir dunha práctica reflexiva e rica en valores e compromiso social.

- Cáritas: Centro Fogar, Centro Violetas e Centro de Atención Cáritas Primaria

Entidade  
colaboradora



- Familias en risco de exclusión social

Destinatarias



- 6 estudantes

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

- O estudo e a análise da situación real das familias en risco de exclusión social que acoden a estes centros de Cáritas contribuíron á formación xurídica do estudiantado, que tivo que aplicar os coñecementos adquiridos ao longo da súa formación universitaria en situacións reais.
- Esta actividade contribuíu á adquisición de valores do alumnado: acadaron unha formación en principios e valores coa finalidade de lograr unha realidade máis xusta, colaborativa e humana, usando o dereito como unha ferramenta fundamental na resolución de situacións inxustas.
- O servizo prestado consistiu en analizar a situación de persoas en risco de exclusión social e propoñer aquelas opcións de mellora que puidesen existir desde o marco xurídico vixente.
- Asesoramento xurídico: axudas sociais, prestacións, alugamentos, sucesións hereditarias, procedementos de incapacitación, estranxeiría, divorcio etc.; e, de ser o caso, derivación aos servizos correspondentes.

## Desenvolvemento

**FASE 1:** asistencia aos encontros coas persoas titoras profesionais e académicas.

**FASE 2:** intervención directa coas familias en risco de exclusión social desde unha perspectiva xurídica (entrevistas coas persoas usuarias, recompilación dos datos necesarios, estudos de caso, procura de solución ao problema), coa consulta do persoal do centro e dos/as titores/as académicos/as.

**FASE 3:** asesoramento xurídico ao persoal usuario do centro (resolución de dúbidas e, de ser o caso, derivación aos servizos oportunos).

## Avaliación

- Informe semanal coas actuacións e os procedementos realizados, os avances nos casos, a resolución das dificultades e os comentarios das persoas coordinadoras do centro.
- Informe final da avaliación persoal de cada estudante en que se relacionan os coñecementos adquiridos durante o grao coa súa posta en práctica durante este tempo, reflexión sobre a metodoloxía de aprendizaxe e servizo e reflexión crítica acerca do dereito e a resolución de problemas.
- Memoria final do alumnado, onde avaliou a súa experiencia e se propuxeron melloras de cara a futuras edicións da actividade.
- Avaliación dos/as titores/as profesionais mediante o cuestionario da UDC.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2019](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

## Resultados

- Os obxectivos propostos foron acadados.
- Mellora das habilidades adquiridas durante os estudos do alumnado no grao en Dereito.
- Mellora da situación das familias en risco de exclusión social.
- Aumento do apoderamento e da autoxestión das familias en risco de exclusión social

## Evolución

### 2017/18:

- 4 prazas ofertadas para o alumnado.
- Centro onde se desenvolve a actividade: Centro de Atención Cáritas Primaria .

### 2018/19:

- 6 prazas ofertadas para o alumnado.
- Centros onde se desenvolve a actividade: Centro Fogar, Centro Violetas e Centro de Atención Cáritas Primaria.

30.

## Levando a tradición oral á escola

Convocatoria 2019

Iria Sobrino  
M.<sup>a</sup> Montserrat Muriano



## Obxectivos/resumo

- Contribuír á normalización da lingua galega.
- Introducir a literatura de tradición oral na escola.
- Diseñar unha proposta didáctica e aplicala na aula.



- Centros públicos e concertados da Coruña e arredores

Entidade colaboradora



- 29 aulas de educación infantil

Destinatarias



- 134 estudantes

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

- Diseñar propostas didácticas para aplicar na aula.
- Desenvolver habilidades de expresión oral en lingua galega.
- Pór en práctica diferentes técnicas de narración de contos.
- Coñecer a literatura de tradición oral.
- Familiarizar os nenos e as nenas da etapa de educación infantil co patrimonio cultural oral e coa lingua galega dun xeito lúdico.
- Achegar o alumnado de educación infantil á literatura de tradición oral.



## Desenvolvemento

**Detección de necesidades:** visita e prospectiva nos centros para a súa selección.

**Formación e preparación:** sesións teóricas e obradoiros, escolla dos materiais literarios e ensaios

**Implementación:** posta en práctica da actividade nas escolas.

**Avaliación:** autoavaliación, avaliación por pares e avaliación polas docentes.

## Avaliación

- Autoavaliación polo alumnado a través dunha memoria sobre o traballo realizado.
- Avaliación por pares entre o alumnado.
- Avaliación oral do alumnado por parte do profesorado dos centros.
- Avaliación por parte do profesorado da materia de Didáctica da Lingua Galega.

## Resultados

- A avaliación do profesorado dos centros e as reaccións dos nenos e as nenas son positivas.
- Nas enquisas de avaliación do alumnado esta é a actividade mellor valorada da materia.
- O proxecto de aprendizaxe e servizo contribúe á adquisición das competencias e os obxectivos da aprendizaxe dunha maneira lúdica e motivadora.
- O estudiantado desenvolve capacidades de autocrítica e conciencia cívica.
- A actividade ten un potencial transformador, na medida en que implica a dignificación da cultura oral e a normalización da lingua galega na escola.



## Evolución

**Cursos 2012/13 a 2015/16:** o proxecto céntrase na transmisión da literatura de tradición oral nas aulas de educación infantil en todo tipo de contextos sociolingüísticos.

**Curso 2016/17:** decídese orientar o proxecto ás contornas maioritariamente castelanfalantes. Incorporárase a fase de detección de necesidades nos centros educativos.

**Cursos 2017/18 e 2018/19:** perfecciónanse os instrumentos de avaliación para promover unha maior reflexión por parte do alumnado sobre a realidade sociolingüística e as súas propias necesidades de formación en lingua galega. Introdúcese a difusión das actividades do proxecto a través das redes sociais.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2019](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.



31.

# Coñecer os nosos ríos para conservalos

Convocatoria 2019

Luisa Santos Fidalgo



## Obxectivos/resumo

- Dotar o alumnado dun maior coñecemento dos sistemas fluviais e sensibilizalos sobre a súa necesaria conservación e protección.
- Conectar os coñecementos adquiridos na materia coa súa realidade máis próxima, mediante a obtención de datos reais para a inspección dos nosos ríos.
- Achegar o alumnado ao medio en que vive e está a estudar .
- Fomentar a educación, o voluntariado ambiental e a participación cidadá co obxectivo de coñecer os ecosistemas fluviais e a súa importancia ambiental e social, e así estimular e potenciar a protección e mellora da nosa contorna natural.
- Estimular o interese pola preservación e a defensa ecolóxica dos nos ríos, así como adquirir valores e actitudes de responsabilidade medioambiental

- Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)

Entidade colaboradora



- Persoal de institucións e asociacións e público en xeral

Destinatarias



- 74 estudantes da materia de Xeografía Física

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

- Adquisición dun desenvolvemento adecuado das capacidades de aplicación da análise e a valoración dos coñecementos adquiridos no contexto práctico que o futuro exercicio profesional esixe.
- Adquisición de competencias específicas da guía docente da materia, tales como: describir, analizar, avaliar o impacto ambiental e desenvolverse con seguridade no traballo de campo.
- Adquisición de competencias xerais e transversais da guía docente da materia, tales como traballar en colaboración e comportarse con ética e responsabilidade social como membro da cidadanía e como profesional.
- Colaboración con ADEGA para obter datos da inspección de ríos co obxectivo de elaborar informes anuais para a súa avaliación, a súa vixilancia e a cidade.

## Desenvolvemento

O proceso de implantación da experiencia xorde do interese persoal polas actividades desenvolvidas pola Oficina de Medio Ambiente da UDC (OMA). Durante varios cursos académicos, a OMA ofertou a actividade de inspección dos ríos a través do Proxecto Ríos.

Intentouse en varias ocasións sen éxito que o alumnado participase á marxe da docencia da materia.

Primeiramente preparouse e asinou un convenio con ADEGA, co fin de asegurar que o estudiantado adquirise as competencias incluídas na materia.

Mantívose unha reunión inicial co alumnado para explicarlle o funcionamento do proxecto e ofrecerlle a posibilidade de participar de xeito voluntario. Todos e todas elixiron participar.

Tras unha primeira reunión formativa deseñáronse coa OMA e con ADEGA as datas das xornadas de inspección. Realizouse en todos os casos unha sesión de 2 h de duración en varios días e repartiuse o alumnado en grupos. Todos os grupos foron acompañados por unha profesora para cubriren a ficha de campo para a inspección do río. Tamén se tomaron fotografías da actividade que se expuxeron no grupo de Instagram do proxecto.

Cubríron o formulario adecuada en que se inclúe unha descrición da xornada de inspección, que xunto co resto de actividades propostas e comentadas anteriormente, utiliza tamén unha avaliación. Mantívose comunicación por correo electrónico cando se requiriu para un seguimento do traballo, fíxose unha reunión final e elaborouse un cuestionario coa ferramenta de Kahoot.

## Avaliación

A avaliación faise con base nun traballo final que inclúe unha descrición da xornada de inspección, a ficha de campo para a inspección do río e a participación no grupo de Instagram, tanto achegando fotografías como identificando os invertebrados atopados.

## Resultados

Adquisición de competencias programadas na planificación docente baseando a aprendizaxe na experiencia. Aplicación a casos reais motivando o interese do estudiantado mediante a comprensión e interpretación da súa propia contorna natural.


## Evolución

No curso académico 2019/20 incluíuse a actividade na guía docente e é xa ofertada para o alumnado do programa de simultaneidade do grao en Bioloxía e o grao en Química, cunha boa acollida. Tamén se preveu ofertala ao alumnado do grao en Bioloxía no segundo cuatrimestre. A idea é mellorar a actividade perfeccionando a formación persoal en avaliación e desenvolvemento dos proxectos de aprendizaxe e servizo.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2019](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

- Relatorio no IV Congreso Mundial de Educación EDUCA 2021 (evento en liña, 25-27 de febreiro de 2021).



# 32. Canto sabes sobre a velutina?

Convocatoria 2020

M.<sup>a</sup> José Servia García



## Obxectivos/resumo

A información que recibe a poboación sobre a vespa invasora *Vespa velutina* procede fundamentalmente dos medios de comunicación, os cales ofrecen noticias que poden chegar a ser, en moitos casos, sensacionalistas, xa que tratan de atraer a atención do público.

Así, os problemas derivados das picaduras desta especie son ben coñecidos, mais aspectos menos rechamantes sobre a súa bioloxía e o seu comportamento, importantes para poder valorar o risco que supón, ocupan menos espazo nos medios. Isto ten provocado que exista unha enorme demanda por parte da poboación para que os servizos responsables eliminen exemplares e niños desta especie, o que satura os devanditos servizos e xera custos moi elevados, tanto de persoal como de equipamento.

Este proxecto aprendizaxe e servizo, que xa se desenvolveu nunha edición anterior, ten como obxectivo último contribuír a reducir a presión social sobre os servizos responsables do manexo da vespa asiática mediante a difusión de información sobre a bioloxía e ecoloxía desta especie, de xeito que un maior coñecemento poida favorecer un uso racional dos recursos.

O receptor do servizo deste proxecto é o Concello de Oleiros, localidade onde os Servizos Municipais de Emerxencias e Protección Civil (SMEPC) teñen dedicado nos últimos anos ata un 70% das intervencións anuais a incidencias relacionadas coa *velutina*, fundamentalmente comprobacións e retirada de niños.

Así, o proxecto incluíu actividades preparatorias, a participación na Feira do Mel de Oleiros cun posto e paneis informativos, e a presentación dos resultados nunha xornada específica que tivo lugar na Facultade de Ciencias da UDC, que serviu como acto de reflexión.

Tamén se organizou unha visita do alumnado de Etoloxía á Casa do Mel de Goente, onde puideron recibir máis información sobre o impacto da *velutina* na apicultura.

Por último, nesta edición promoveuse o uso de ferramentas TIC colaborativas en todas as actividades da aprendizaxe e servizo, especialmente da plataforma Teams, que permitiu ao alumnado mellorar a coordinación e a comunicación tanto entre os seus membros como coa profesora para a elaboración dos materiais.

- Concello de Oleiros

Entidade colaboradora



- Sobre 350-400 persoas (actividade aberta sen prazas limitadas)

Destinatarias



- 23 estudantes

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

A competencia específica básica da materia é analizar e interpretar o comportamento dos seres vivos.

Algunhas das competencias xerais e transversais que permite adquirir este proxecto de aprendizaxe e servizo son as seguintes:

- Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
- Comunicarse de maneira efectiva nunha contorna de traballo.
- Sintetizar a información.
- Formarse unha opinión propia.
- Exercer a crítica científica.

The screenshot shows the top navigation bar of the UDC website with links for: A FACULTADE, CALIDADE, DEPARTAMENTOS, ESTUDOS, ESTUDANTES, MOBILIDADE, and INTRACIENCIAS. Below this are five blue buttons: 'grao en bioloxía', 'grao en química', 'mestrados e doutoramento', 'simultaneidade', and 'novas/ taboleiro'. The main content area features a large banner for 'ETOLOXÍA 2019' with the text 'Presentación de traballos de mestría 8 de decembro 2019, 11:00 Salón de actos da Facultade de Ciencias'. To the right, there is a section titled 'ÚLTIMAS NOVAS' listing various news items such as 'Premios extraordinarios de grao e de Máster Universitario da UDC' and 'Oferta de Tesis Doctoral Instituto Español Oceanografía'.



# Desenvolvemento

**FASE 1:** selección de estudantes para participar no proxecto. Explicáronselles os obxectivos e o tipo de actividades aos grupos de docencia en galego e inglés, co obxectivo de integrar alumnado de universidades estranxeiras. Isto resulta nunha contorna de traballo complexa que obriga os grupos a estableceren dinámicas de colaboración.

**FASE 2:** avaliación inicial e selección dos temas para tratar na Feira do Mel. Nunha reunión específica efectuouse unha avaliación inicial dos coñecementos do alumnado sobre o tema e realizouse unha sesión de formación básica. A seguir seleccionáronse os temas, momento en que se valorou repetir algún do ano anterior (identificación, vida na colonia, xestión) e se introduciron dous novos (capacidade de voo, orientación). Os temas foron sorteados entre os grupos de alumnado, de xeito que cada grupo fose responsable dun.

**FASE 3:** elaboración de materiais. A actividade central desta actividade de aprendizaxe e servizo é unha xornada de divulgación durante a Feira de Mel de Oleiros, que ten lugar a principios de novembro. Así, o alumnado tivo que: (a) buscar información científica actualizada sobre o tema de traballo; (b) revisar o formato de preguntas para o público e os materiais empregados o ano anterior, así como propoñer melloras (obligatorio); e (c) deseñar materiais para os temas novos.

**FASE 4:** coordinación co concello de Oleiros para a organización do posto. Unha vez preparado o material de exposición, puxémonos en contacto co responsable da organización da Feira do Mel de Oleiros para acordar o material necesario para dar soporte á actividade (mesas, cadeiras, paneis etc.).

**FASE 5:** participación na Feira do Mel de Oleiros. A xornada iniciouse cunha reunión grupal para dispoñer o material e acordar as estratexias de comunicación con vistas a evitar conflitos. A atención ó público realizouse entre as 10:00 e as 18:00 h, e o alumnado organizouse para repartirse en dúas quendas (de mañá e tarde). Ao final da xornada fíxose unha reunión final de posta en común.

**FASE 6:** reunión intermedia para a reflexión. Nela revisáronse de xeito crítico os materiais e o desenvolvemento da xornada pública. Así mesmo, creouse un grupo de traballo na plataforma Teams para elaborar as presentacións dos resultados da aprendizaxe e servizo na Facultade de Ciencias.

**FASE 7:** presentación da experiencia na Facultade de Ciencias. Como novidade, levouse a cabo unha xornada específica a que se lle deu publicidade tanto no centro como en redes sociais, onde se presentaron os resultados doutro proxecto de aprendizaxe e servizo e dous traballos de investigación de alumnado de Etoloxía. Incluíronse ademais dúas conferencias impartidas total ou parcialmente por exalumnado da materia.

**FASE 8:** reflexión final sobre a aprendizaxe e servizo. Despois dunha reunión presencial, o alumnado deixou por escrito as súas reflexións en formato de análise DAFO a través da plataforma Teams. Tamén se incluíu unha reflexión sobre aspectos máis persoais, como a aprendizaxe cívica e inter e intraindividual. Esta reflexión realizouse exactamente no mesmo formato nos dous proxectos de aprendizaxe e servizo da materia.

**FASE 9:** celebración da aprendizaxe e servizo. Aínda que a xornada de presentación tivo un ambiente festivo, este curso organizouse unha excursión á Casa do Mel de Goente, nas Pontes de García Rodríguez.

## Avaliación

As evidencias recollidas nas fases 3, 5, 6, 7 e 8 foron as empregadas sobre todo para avaliar tanto o alumnado como o proxecto. Esta avaliación fíxose mediante unha rúbrica explicada en detalle na memoria da edición anterior do proxecto, e que foi desenvolvida para poder avaliar o alumnado participante de forma semellante ao que fai outro tipo de traballos da materia ou que participa en proxectos de aprendizaxe e servizo distintos.

## Resultados

Participaron 23 estudantes de Etoloxía, entre os que se atopaba alumnado Erasmus e de convenio de Corea do Sur, Chipre, Grecia e Holanda. Durante a Feira do Mel pasaron polo posto ao redor de 350 visitantes (o alumnado levou un rexistro das persoas que visitaban cada sección), e na xornada de presentación na Facultade de Ciencias participaron unhas 70 persoas. En xeral o estudantado quedou satisfeito coa experiencia, especialmente do contacto co público durante a Feira do Mel. Ademais, facer quendas reduciu as queixas sobre os problemas de organización respecto á edición anterior.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2020](https://www.emerald.com/insight/content/doi/10.1108/IJSHE-02-2020-0059/full/html) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC  
<https://www.emerald.com/insight/content/doi/10.1108/IJSHE-02-2020-0059/full/html>



# 33.

## Que lle pasa á miña mascota?

Convocatoria 2019

M.<sup>a</sup> José Servia García



4 EDUCACIÓN DE CALIDADE



12 PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES



15 VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES



17 ALIANZAS PARA LOGRA-LOS OBXECTIVOS



## Obxectivos/resumo

- Mellorar o coñecemento sobre problemas de comportamento das mascotas con vistas a reducir o número de abandonos e promover a adopción de animais recollidos en protectoras.
- Promover a produción e o consumo responsables, en relación co obxectivo de desenvolvemento sostible 12 da ONU.



- Asociación Protectora de Animais da Coruña Gatocan

Entidade colaboradora



- Persoas con mascotas e potenciais adoptantes de animais acollidos en refuxios e protectoras

Destinatarias



- 8 estudantes da materia de Etoloxía (grao en Bioloxía)

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

- Formación en contidos curriculares da materia.
- Adquisición e desenvolvemento de habilidades e competencias específicas e transversais, como as relacionadas coa síntese de información, a comunicación e o traballo en grupo.
- Reflexión sobre problemas sociais e ambientais.
- Aprendizaxe cívica.
- Redacción de artigos para o boletín electrónico *Gatocan en casa*.
- Deseño de actividades para difundir o labor da protectora Gatocan e promover un trato ético e respectuoso aos animais.



## Desenvolvemento

**FASE 1:** selección de participantes e formación inicial sobre os problemas de comportamento das mascotas e a relación que ten co seu abandono.

**FASE 2:** avaliación inicial e selección dos temas de traballo.

**FASE 3:** visita ás instalacións da protectora Gatocan.

**FASE 4:** formación dos grupos de traballo para a elaboración dos materiais.

**FASE 5:** reunión intermedia para a reflexión

**FASE 6:** revisión dos materiais para publicar.

**FASE 7:** presentación da experiencia na Facultade de Ciencias.

**FASE 8:** participación en charlas en colexios.

**FASE 9:** reflexión final sobre a aprendizaxe e servizo.

## Avaliación

- A aprendizaxe de contidos e a adquisición de competencias valorouse a través dunha rúbrica común a todos os traballos da materia.
- Análise da aprendizaxe cívica e inter e intrapersonal en titorías.
- Avaliación final e completa mediante unha análise DAFO final da aprendizaxe e servizo.

## Resultados

- Servia, MJ (2018) "Da utopía á realidade: a implementación de varias actividades de Aprendizaxe-Servizo nunha mesma materia".  
III Xornadas de Innovación Docente na UDC.  
[https://www.udc.es/es/cufie/INNOVACION/xornada\\_innovacion/iii\\_xornada\\_innovacion/](https://www.udc.es/es/cufie/INNOVACION/xornada_innovacion/iii_xornada_innovacion/)
- Os artigos do alumnado son publicados pola entidade colaboradora en <http://www.gatocan.com/Noticias.php>

## Evolución

**2016:** participación de 3 estudantes de xeito individual, grao de satisfacción medio, avaliación simple da actividade.

**2017:** participación dun grupo de 7 estudantes, grao de satisfacción moi alto pola implicación e calidade do traballo realizado polo grupo, análise DAFO grupal da actividade.

**2018:** participación de dous grupos de 4 estudantes, grao de satisfacción moi alto, avaliación máis pormenorizada da actividade.

**2019:** participación de 8 estudantes, grao de satisfacción moi alto, análise DAFO final da actividade como avaliación final e completa.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2019](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.

# 34.

## Fisioterapia na abordaxe de doentes de párkinson

Convocatoria 2019

Susana Viñas Diz





## Obxectivos/resumo

- Ofrecer ao alumnado do 2.º curso do grao en Fisioterapia unha primeira experiencia clínica no manexo dunha patoloxía neurolóxica (párkinson).
- Ensinar ao estudiantado para que sexa capaz de valorar a un paciente con párkinson, e levar a cabo un plan terapéutico: abordaxe individual, grupal ou traballo en piscina.
- Garantir que doentes de párkinson reciban semanalmente tratamento de fisioterapia (individual, grupal e en piscina) para a mellora da súa sintomatoloxía e a súa calidade de vida.
- Traballar para que haxa unha aprendizaxe (alumnado) e un servizo á comunidade (pacientes de párkinson). Aproximación da UDC á comunidade.

- Asociación Parkinson Galicia-Coruña

Entidades  
colaboradoras



- 50-60 doentes diagnosticados de párkinson primario ou síndrome parkinsoniana

Destinatarias



- 16 estudantes

Participantes



## Aprendizaxe + servizos

- Aplicación dos coñecementos impartidos na materia.
- Traballo colaborativo.
- Fomento da autoaprendizaxe por parte do alumnado, con base na experiencia directa, que neste caso consiste no manexo de doentes con párkinson.
- Promover a mellora da sintomatoloxía dos doentes de párkinson, así como a calidade de vida deste colectivo.
- Apoio desde a fisioterapia á Asociación Parkinson Galicia-Coruña, para dar resposta ás necesidades das súas persoas usuarias, centradas nos tratamentos individuais, grupais e en piscina.
- A Facultade de Fisioterapia, a través do proxecto de aprendizaxe e servizo, apoia con 25 h/semana de servizo a comunidade de doentes de párkinson. Este apoio céntrase na necesidade de que todas as persoas usuarias da Asociación Parkinson Galicia-Coruña reciban diferentes modalidades de tratamento.

## Desenvolvemento

**FASE 1:** captación de alumnado matriculado na materia de Fisioterapia Neurolóxica e Psicomotriz. Exposición do proxecto ao alumnado do 2º curso nun seminario (primeiras semanas de setembro).

**FASE 2:** organización de horarios e formación do alumnado.

- Cronograma. O alumnado acode á Asociación Parkinson Galicia-Coruña.
- 2 seminarios de 2 h de duración. Formación do alumnado para a súa participación no proxecto no 1.º cuadrimestre, no traballo que se realizará a posteriori.

**FASE 3:** organización de horarios e formación do alumnado.

- Cronograma. O alumnado acode á Asociación Parkinson Galicia-Coruña.
- 2 seminarios de 2 h de duración. Formación do alumnado para a participación no proxecto no 2.º cuadrimestre, no traballo que se realizará a posteriori.

**FASE FINAL:** supervisión de todo o traballo. Retroalimentación sobre os resultados do proxecto nun seminario na sede da Asociación Parkinson Galicia-Coruña, onde se analiza o traballo feito, así como por parte do alumnado e a asociación colaboradora.

## Avaliación

1. A través dunha rúbrica deseñada especificamente valóranse dous aspectos, a capacidade e a independencia do estudiantado para:
  - Manexar probas de valoración física, funcional e de calidade de vida específicas para pacientes de párkinson;
  - deseñar un plan para cada paciente;
  - levar á práctica o plan terapéutico: planificación do traballo individual, grupal e en piscina.
2. Enquisa de satisfacción por parte do alumnado para coñecer o seu grao de satisfacción.
3. Enquisa de satisfacción por parte do centro receptor para coñecer o seu grao de satisfacción en relación coas actividades desenvolvidas polo alumnado.

## Resultados

Os resultados da aprendizaxe correspóndense coas competencias que se establecen na materia de Fisioterapia Neurolóxica e Psicomotriz. Así mesmo estas aprendizaxes están relacionadas coas competencias do título de grao en Fisioterapia (competencias específicas (A); competencias básicas (B), competencias transversais/nucleares (C).

Os coñecementos que adquire o alumnado do 2.º curso no manexo de pacientes con párkinson (avaliados a través da rúbrica) son óptimos, e superiores aos coñecementos que adquire sobre a mesma patoloxía o alumnado que non participa neste proxecto.

## Evolución

Este proxecto desenvólvese desde o curso académico 2008/09, nos termos que anteriormente se describen, cada ano con alumnado diferente e con persoas usuarias tamén distintas. Xa que logo, leva 12 anos en praxe, o cal é indicativo de que existe un interese tanto por parte do alumnado (aprendizaxe) como por parte da Asociación Párkinson Galicia-Coruña (servizo) en realizar a actividade.

## + información

[Presentación-resumo do proxecto no ano 2019](#) dispoñible para a súa consulta no RUC da UDC.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Oficina de Cooperación  
e Voluntariado  
Mobilizando consciencias



Centro Universitario de Formación  
e Innovación Educativa